

# Vida mariñeira de Sada

## Contribución pra un estudio lingüístico<sup>(1)</sup>

M. C. RÍOS PANISSE

Universidad de Santiago

### PRELIMINARES

#### 1. NOTA PREVIA

O material recollido neste traballo vai distribuído por temas, correspondendo cada ún a unha determinada esfera da actividade mariñeira. Cando o tema resulta restrinxido demais e dá lugar a un número moi limitado de palabras, pasámolo por alto. Estas verbas, o mesmo que aquelas de carácter moi xeneral, aparecen todas ó remate, organizadas conforme ós vocabularios tradicionais.

Tocante ós nomes das especies mariñas é de sinalar que un soio nome dáse por veces a máis de un individuo. Tamén temos que chamá-la atención sobre algunha correspondencia dudososa entre nome vulgar e científico; sempre que se dea esto sinalaremos cunha interrogante a nosa inseguridade na clasificación. Finalmente, compre indicarmos que por veces nin siquiera hipotéticamente nos foi posible propoñer unha equivalencia.

#### 2. ALGÚNS ASPECTOS DO GALEGO DE SADA

Sada pertence á zona occidental do norte de Galicia e a súa fala responde ás peculiaridades do galego noroccidental. Destacan entre elas:

A "GEADA". O sonido da "geada" en Sada equivale enteiramente á [x] cáseque sempre, anque en algunha ocasión teño oído este fenómeno como unha [fi]. Os falantes consideran a "geada" como un defecto polo que en ocasións non a utilizan, sobre todo si están falando con xente estraña. Entre eles mesmos hai veces que a usan e veces que non. Hai tamén palabras que non conciben sin geada: *bujina*, *aujamare*.

SESEO FINAL. É o único seseo que existe en Sada *rapás*, *lus*, *ves*, por *rapaz*, *luz*, *vez*. A palabra *vez* oína varias veces tamén sin seseo. O -e paragóxico conserva o seseo: *luse*, *rapase*.

SOLUCIÓN DO SUFIXO -ANU, -ANA. A solución é -án: *mazán*, *chán*, *irmán*. Os castellanismos *semana* e *mañana* conviven coas formas *semán* (moi pouco utilizada) e *mañán* (co significado de 'parte do día despois de salí-lo sol' fronte ó de *mañana* que significa 'día seguinte').

---

<sup>1</sup> Este traballo foi presentado como Tesis de Licenciatura na Universidade de Santiago de Compostela en Setembro de 1968.

FORMACIÓN DO PLURAL DE -ÁN, -ÓN. Estes plurales son en -ás e -ós: *mazás, irmás, pantalós, cazós*.

OUTROS RASGOS. Úsase moito o infinitivo coa preposición *a* con valor de xerundio *dá justo velos a traballar*. Tamén chama a atención a espresión *tardar a* no lugar de 'tardar hastra' *Levan moita comida porque poden tardar a dous meses en volver*. Entre os vellos úsase aínda o infinitivo conxugado *pra viren, a seres*. Ás veces (raramente e tamén entre os vellos) colócase o pronome complemento antes do pronome suxeto, se ambos van diante do verbo por ser unha oración subordinada ou levar anteposto algún adverbio *Tamén as eu teño*. Tamén é moi corrente a utilización do *e* paragóxico, sobre todo entre os vellos, que ás veces non conciben a palabra sin el; así *aujamare, tinare, viradore*. A utilización dun *e* paragóxico cun infinitivo impide ás veces a aparición do artigo -lo, -la, *vareare a robaliza* no lugar de *vareá-la robaliza*. Cando o *e* paragóxico vai detrás de *n*, o *n* conserva o seu valor velar. Pónse tras de sustantivos, adxetivos, pronomes, adverbios e verbos: *bójanhe, benhe, lonjerionhe, minhe, ruínhe*.

PRÉSTAMOS. A poboación de Sada pode considerarse bilingüe. Debido a eso a lingua está plagada de castelanismos. Os máis notables, pra mín, foron os substitúen case completamente os nomes dos meses, dos días, da lúa. Máis esplicables son os que se atopan aplicados á vela, embarcacións ou redes, pois moitas modificacións nelas non son de orixe galega, senón extranxeira ou de outras partes de España. En Sada, coma en moitos lados, hai tamén palabras e espresións típicas, algunhas das cales poden ter orixe hispano-americana; entre elas destacan: *amorrar*, co significado de 'recibir moito', *ser moi bravo*, é decir, 'ser un bravucón', *ir en pojí* 'ir en coche', *salija* 'tortilla'.

## I. SADA

### I. BREVE DESCRICIÓN

Sada atópase na comarca das Mariñas, na península situada entre a badía da Cruña e a boca da ría de Betanzos. A distancia á capital da provincia é duns 17 kms. Ten un porto grande e unha boa flota pesqueira, que lle produce unha economía saneada na que se basa un aumento de poboación debido á inmigración dos pobos labregos veciños. Outras fontes de riqueza son as fábricas de conservas, os astilleiros, as telleiras e o turismo. A vila ten como emblema unha nave bogando entre dúas torres.

Sada está entre Fontán e Gandarío e ten enfrente Miño. A súa ría non ten moito calado pro é abundante en pesca. A súa praia é rica en mariscos entre os que destacan os *berberechos*, os *lonjeirós*, os *caíños*, as *navallas*, as *zapatelas*, os *diques* e outros.

Sada divídese en varias zonas que son: o *Carjadoiro*, hoxe substituído polo *Puerto*, a *Plaia*, o *Cebado*, zona seguinte ó *Carjadoiro* cara Fontán que se chama así por estar antes cuberta dunhas olgas semellantes a herbas que recibían tamén o nome de *cebado*, a *Tenencia*, barrio do porto, a *Corredoira*, barrio paralelo á *Tenencia* cara ó interior, o *Pedrejal*, zona situada na carreteira hacia a Cruña, *Sada de Abaixo*, núcleo central de Sada que se chama así pra se diferenciar de *Sada de Arriba* poboación eminentemente agrícola, a

*Ponte*, zona cara á praia que abarca as rúas da *Plaña*, a *Obra* e *Sada da Area*, a zona das *Brañas*, no interior moi húmeda, con lágoas de pequeno tamaño feitas polas escavacións das telleiras, que son alí moi abundantes, a *Torre*, zona de Sada cara Gandarío polo interior e o *Curruncho*, zona tamén cara Gandarío pro pola costa.

Os habitantes das zonas limítrofes chaman ós de Sada de alcume *Patexeiros* ou *Parrocheiros* (esta última denominación é menos usada).

## 2. VIDA MARIÑEIRA

O neno do mariñeiro anda na escola hastra os 14 anos, idade na que o rapaz que quere ser mariñeiro se enrola cun patrón.

Antes de saír ó mar o mariñeiro vai polas redes que deixou o día anterior a secar. Embarca sobre as cinco da tarde e volve sobre da media noite se non a bota toda no mar. Nos meses de inverno é normal saír sobre da media noite e voltar ás oito ou nove da mañá. Ten pois o mariñeiro poucas horas de *durma* ás noites polo que é normal que bote unha sesta ó mediodía.

Sáese pescar normalmente a sitios non moi lonxe de Sada, anque ás veces van hastra Cedeira, Malpica, Ares, Portonovo, Ferrol e, en xeral polas rías.

Á volta, normalmente, a pesca divídese en partes ou *quiñós* das que leva algo máis da metade o *armador*, *quiñón e medio* o *patrón* e os que ocupan postos de máis responsabilidade, e *un quiñón* o resto dos *mariñeiros*. Ademais desto o armador dá *medio quiñón* máis da súa parte ós que ocupan postos importantes no mando da embarcación.

Na pesca de altura vaise a xornal e cóbrase semanalmente.

O mariñeiro vende o peixe na *lonja* onde é encargado de subastalo o *lonjeiro* pra que o merquen as *pescadoras*, *pescas*, *peixeiras* ou *rejateiras* que o venden na praza ou polas aldeas, chegando hastra Roeiro, Pazos, Carnoedo, Santa Cruz, Mera, etc. Antes o peixe pequeno vendíase por *ducias* ou por *más*. Cada mán tiña 4 pezas, 25 máis facían un *cento* e 260 máis un *milleiro*. Hoxe véndese a peso.

O mariñeiro é moi irregular nas súas ganancias e gastos. Manexa máis cartos có labrego e en xeral preocúpase moito menos ca este da súa economía.

Un mariñeiro vello cobraba en 1968 (data deste traballo) algo máis de mil pesetas de retiro, unha redeira unhas 300 pesetas e unha empregada da lonxa 90 pesos. As viúdas vellas non cobraban nada.

Os mariñeiros chámanse normalmente polo alcume. Este pode provir dalgunha profesión: *Pila do Forno*, *Román da Serreira*, *Manola a Queixeira*. Dalgunha fazaña: *Pancho da Brava*. Do lugar de orixen: *Lola de Bouzas*, *Periquete da Frouxeira*. Ou dalgún defeuto: *o Parrulo*, *o Camello*, *o Barralla*, *o Pluma*.

As casas máis antigas habitadas polos mariñeiros de Sada eran dunha soia pranta cun *faiado*. O *tellado*, feito de tellas formando *canales* tiña unha parte que sobresaía chamada *cornisa*. Normalmente os tellados teñen hoxe un pequeno muro frontal chamado *petril* que está unido ó tellado por unhas tellas ditas *sobrepenas*. Según sexa a súa armación, o tellado pode ser de *dúas* ou *catro aujas*. Na súa construción precísase unha viga central chamada *cume*, outras, máis pequenas, perpendiculares a ela chamadas *canjos* ou *larjeiros* e

outras paralelas chamadas *ripias*. Hai tamén, a fin de sosté-lo tellado, dúas vigas grandes perpendiculares ó *cume* chamadas *tiradores* que van apoiadas nunha viga que vai dun lado a outro da *pared* chamada *tixeira*. O triángulo formado recibe o nome de *pinche* e é onde vai o *faiado*.

As paredes da casa son normalmente de *mampostería*, parede de pedra con *cachotes*. A casa está asentada sobre os *cimentos* ou *cementos*.

Normalmente a casa ten dúas ventás e unha porta. As ventás teñen dúas *follas* con cristales e *contras* que non deixan pasá-la luz. Péchanse con *falleba*. As portas máis correntes son as de madeira, divididas en dúas follas chamadas *porta de arriba* e *porta de abaixo*. Péchanse con *pechos* ou *pechaduras*. A porta da horta ou a da entrada da casa chámase *portalón*.

Se a casa ten *faiado* ou *sobrado* (meirande có *faiado* onde normalmente se dorme) ou ben outro *piso*, o *teito* que separa entrámba-las prantas está feito con *vijas de arrastre* e *pontós*.

As casas antigas non tiñan máis cá cociña, onde se vivía, e ás veces un *sobrado* onde se podía dormir e que se utilizaba como sala. Estas casas non tiñan *cheminea* e o fume escapábase polas *ripias*, entre os *larjeiros*. Outro tipo de casa, corrente inda hoxe, ten catro habitacións, unha delas é a cociña, que normalmente dá cara a parte de atrás; outra, dianteira, destinada a remendar e gardá-las redes; outra usada como sala, e outra, a máis do sobrado, como dormitorio.

Fóra da casa teñen unha pequena *chousa* (ás veces teñen leiras) que dedican a algunhas coles e patacas e onde secan as redes pequenas.

A cociña era de *lareira*, co *lare* no medio, onde se facía o lume. O *chán* era normalmente de pedras irregulares, anque podía ser de terra. Na cociña había unha *barrela*, pau onde se colgaba a *iramalleira*, cadea cun *jancho* onde penduraba o *pote*. Ademáis do *pote* tiñan *potas*, *fontes*, *cuncas* (as máis famosas eran as de barro de Buño onde se tomaban as papas), *trinchantes*, *coitelos*, *culleres*, *tixolas*, *trespés*, *olas de ferro*, *alzadeiros* e *cunqueiros*. Tiñan *camas de rilleira* que tamén estaban na cociña. Podíanse pechar quedando como armarios. Era normal que se deitasen nun *xarjón*, colchón de palla, ó pé do lume. Pra alumar tiñan *candiles de saín*, chamados así porque o combustible era grasa de sardiña; logo pasaron a ser de *jas* ou petróleo. Algúns teñen tamén na cociña *jaliñeiros* ou *poleiros*, caixóns onde gardan as galiñas. Fóra da casa teñen ás veces *cortes* con algún porco.

O mariñeiro leva como único distintivo no vestir un "jersey" azul ou unha camisa da mesma cor. Antes usaba *polainas* e *cirolas*. Na cabeza leva unha *pucha*. Pra ir ó mar leva cando fai mal tempo o *traxe de aujas* que consiste nun *sueste*, gorro especial con ala cara atrás, un *pantalón* e un *chaquetón*, as tres pezas son de hule. Normalmente levan *zocas* ou *zocos*, estes últimos con *caña*.

As mulleres, hai moito tempo (acórdase unha muller de 82 anos de que o decía a súa aboa) levaban o *sajalexo*, especie de *saia*, e o *casabé*, que era unha *chambra* que confeccionaban elas mesmas porque o mercado era caro.

O mariñeiro come normalmente peixe que lle prepara a súa muller na casa, ou el mesmo se está no barco. Normalmente faino cocido con patacas, pimento, cebola, e outras cousas, na famosa *caldeirada*, plato no que a gracia está no *prebe* ou salsa. Ás veces come tortilla, que chama *salija*, feita con

*cuniños*, ovos. Nunha festa, *rachada* ou *larada*, faise na tixola unha fritada de peixes, que eles chaman simplemente *frito*. Outros pratos que come moito o mariñeiro son sardiñas con *cachelos* (patacas cocidas coa pela), caldo e empanada, sobre todo de sardiñas.

## II. O BARCO

### 1. CONSTRUCCIÓN

O *carpinteiro da ribeira* é o encargado de construí-los barcos no *astilleiro*. o carpinteiro fai primeiramente o *armazón* que consta dunha peza central chamada *quilla* que serve de sostén prás *barras* ou *madeiras* das *cuadernas*, táboas curvadas que forman o costelaxe do barco dándolle a *redondés*. Sobre a *quilla* de proa a popa vai outra peza colocada por riba da trabazón das *barenjas* que recibe o nome de *sobrequilla*. O costelaxe de proa e ás veces o de popa, se esta é redonda, chámase *pica*. O espacia entre *cuaderna* e *cuaderna* leva o nome de *clara*.

As *cuadernas* están feitas de distintas pezas. A que constiúe a parte máis alta chámase *barrajanete*, que vai seguida polo *jenol*, peza que se amadriña de costado coa *barenja* ou *sobrerrevira*. Esta é a derradeira peza da *cuaderna* cara á *quilla*. (Vid. fig. 1). Pola parte de proa, entre a *quilla* e as *barenjas* vai unha peza chamada *revira*. Ás veces vai tamén na popa.

Entre o *jenol* e o *barrajanete* ó longo da embarcación vai un listón de madeiros tendidos pra ligá-los vaos ás *cuadernas* e ó forro exterior que recibe o nome de *tapa trancanil* ou *trencanil*. Sobre do *barrajanete* vai o *caurel* ou *courel* verdadeiro borde exterior nas máis das embarcacións anque nas




Fig. 1:

1. obra morta; 2. tapa rejala; 3. caurel ou courel; 4. tapa trancanil ou trencanil; 5. cintón; 6. barrajanete; 7. forro de dentro; 8. forro de fora; 9. jenol; 10. anjila; 11. barenja ou sobrerrevira; 12. sobrequilla; 13. quilla

grandes vai sobre o *courel* de proa outra peza chamada *tapa rejala*. Nas embarcacións moi grandes esta tapa cobre enteiraemente ó *courel* convertíndose así na veira superior do barco. A parte do casco que vai da *tapa trancanil* á *rejala* chámase *obra morta*. A *obra morta* da *cubierta* pra riba ten o nome de *amura*.

Hai nas *cuadernas*, pola parte exterior, dous largos madeiros, paralelos á quilla, chamados *anjillas*. Outras pezas da embarcación son as *jaldras*, chamadas tamén *ventos da embarcación*.

A armación do barco recúbrese con táboas, que fan o *forro de fora* ou *de dentro* según recubran a parte exterior ou interior. Chámase *cintón* a un listón de madeira que une algúns *bances* ou pezas do forro, reforzándoas. Cada *bance* está formado por distintas *tracas* ou madeiros, que unen dúas *cuadernas*.

Mirando o barco pola parte superior vémo-la *estampa*, parte cuberta de táboas que se atopa na proa e na popa, e os *corredores*, madeiros que corren ó longo da embarcación a un e outro lado, cubrindo o vao que existe entre a *embancadura* e o *casco*. Van á altura da *tapa trancanil* pra impedir que a auga poida entrar ffacilmente no interior da embarcación e pra facilitá-lo paso dos mariñeiros dun lado a outro. Os *corredores* rematan nun borde interior chamado *filerete*. Espaciadamente hai uns buratos todo ó longo do casco por riba dos *corredores* que reciben o nome de *imbornales* polos que decurre pra fóra a auga que saltou polo *courel*.

Tamén colocadas entre a *tapa rejala* e os *corredores* van as *cornamuzas*, unhas pezas pequenas de madeira ou de ferro que van chantadas ás *barras* polos *caravillós*, especie de clavos de madeira. A finalidade das *cornamuzas* é servir pra amarrar cabos.

De babor a estribor da embarcación están os bancos. O conxunto deles chámase *embancadura* e vai dividida en *bancadas* ou *paneles*, espacio entre banco e banco. Cada *panel* leva un nome distinto según a súa colocación. Así: *empanetado* é a última *bancada* na popa, *pana* é a *bancada* seguinte na que se gardan o peixe e as redes, *medio* é a *bancada* central na que se sentan os remeiros e *tilla* a porción cuberta da proa onde durmen os mariñeiros ou se garda toda clase de utensilios. Debo sinalar que estas divisións corresponden normalmente a embarcacións de tipo pequeno que son as máis utilizadas nesta ría. Porén, non todas estas divisións se atopan en tódalas embarcacións pequenas. Baixo dos bancos dos remeiros vai un tentemozo sinxelo chamado *pé damigo*.

O fondo do barco ou *aujeiro* leva na quilla un burato, a *cadoira*, pra valdeirá-la auga que alí se deposita, ou pra collé-la cando se quere anegá-la embarcación. O *aujeiro* vai cuberto polo *encaixonado*, especie de chán feito de pezas de madeira que fan o piso nivelado, ou polo *enjaritado*, tarima de táboas entrelazadas co mesmo oficio có *encaixonado*.

As partes laterales da embarcación chámanse *bandas* e reciben o nome de *asimán* ou *banda de estribore* e *banda de couzo* ou *de babore* según vaian a estribor ou a babor respectivamente.

A popa según sexa redondeada ou bicuda chámase *cú de mono* (redonda) *rabo de jalo* ou *abanico* (en bico). Tamén pode ser *cuadrada* e de *rabo de rula*, esta última semellante á de *rabo de jalo* pro menos bicuda.




Fig. 2:

1. estampa de proa; 2. courel; 3. aujeiro co encaixonado; 4. banco;  
5. banda.

Hai ás veces no barco uns soportes nas *bandas* pra termar dos remos cando se vai a motor chamados *jallos* ou *horquillas*.

Pra manté-lo barco en seco úsanse uns soportes chamados *espeques*.

Logo de construída a embarcación precisa ser *estupeada* ou *calafateada*, é dicir, débense introducir nas xuntas *estoupa* ben calcada e cubrila despois con breu. O encargado de facer estes traballos é o *jalafate* que usa unhas ferramentas especiais chamadas *ferros de calafatear* que axudados co *má-cico*, ou mazo de madeira, son as que meten a estopa nas xuntas. Tamén cada pouco, é comenente *dar unha carena*, ou carená-lo barco.




Fig. 3:

- timón*: 1. caña; 2. femia; 3. ajulla; 4. límieira

Cando a embarcación é un pouco grandíña leva *timón*. O *timón* consta de *caña*, ou barra pra goberná-lo barco, e do *timón* propiamente dito. Na popa vai a *limieira*, peza de madeira onde vai embisagrado o *timón* e o *codastre* e *codastre exterior* onde vai o *helis* ou *hélice* do barco. O *timón* vai xunguido á *limieira* pola *ajulla*, pernio que se engarza nunha argola chamada *femia* por medio da *rabiza*, cabo que serve de guía á *ajulla*. O eixe do *timón* leva o no nome de *barrón*.

A prolongación da quilla na proa do barco chámase *roda* e na parte traseira *roda de popa*. A parte inferior da *roda* chámase *couce*. Tanto o *couce* coma a *quilla* levan case sempre na porte exterior e máis baixa unha franxa de ferro como protección, chamada *zapata*.

Sobre os *coureles*, cara ó medio do barco, hai unhas pezas de madeira, pequenas en lonxitude pro de bastante grosor, que sirven pra que o remo non desgaste a borda e que se chaman *chumbaceras* ou *chumaceras*. Nelas van incrustados os *toletes*, tornos de madeira ós que se amarran os remos por medio dunhas pezas de corda en forma de argolas chamadas *estobos*.

A maioría das lanchas pequenas van a remo. O *remo* divídese en *ajión*, parte por onde se colle, *pala*, parte chá que se introduce na auga e a *caña*, *luchadoiro* ou *luchadeiro*, peza central entre o *ajión* e a *pala*. A parte do *luchadeiro* onde vai o remo *estrobado* (preso ó *tolete* por medio do *estrobo*) chámase *dejolladoiro*. Cando un remo é amañado despois de quebrar entre o *luchadeiro* e a *pala* díse que está *encanado*. Cando non se utiliza *timón* (en lanchas moi pequenas) téñese un remo pra enderezá-lo barco que se chama *joberno*.




Fig. 4:

remo: 1. *chumbacera* ou *chumacera*; 2. *ajión*; 3. *caña*, *luchadoiro* ou *luchadeiro*; 4. *tolete*; 5. *estrobo*; 6. *pala*; 7. *dejolladoiro*

Se o barco leva motor, este vai apoiado nuns asentos de madeira chamadas *calzos*.

O barco ten unha peza de madeira na parte media da quilla chamada *carlinja* ou *carlinca* onde vai preso o *palo da vela*, introducido na *enfojonadura*, guía de madeira desde a altura de cuberta á *carlinja*. O *palo* vai amarrada a *entena* ou *verja* vara colocada perpendicular ó mastil onde vai presa a *vela latina*, denominación con que se coñece a única vela usada en Sada. A súa forma, nembargantes, non coincide enteiramente coa que se denomina en xeral vela latina, senon coa chamada vela mística. A vela vai unida ó *palo* pola *raca*, *zuncho* ou *abrazadeira* especie de eixe que a deixa subir e baixar. O *palo* pode ir a *pique* (é decir vertical con respecto á cuberta) ou oblicuo, descansando entón sobre o *jalleiro*, galla colocada na *enfojonadura*.

A vela está feita de *panos* ou pezas e vai rodeada dunha corda chamada *relinja* cosida por toda a veira pra lle dar máis resistencia. A *relinja* chámase de *barlovento* cando vai do ángulo superior ó inferior da parte de proa, e de *sotavento* cando é de popa.

O ángulo inferior da vela cara a barlovento chámase *martillo*, e *penol* o ángulo de sotavento. O lateral da vela cara a sotavento recibe o nome de *batideiro*.

A vela leva unha chea de cordas pra amarrala e izala que reciben o nome de *aparells*. Entre elas están a *empuñadura de barlovento*, corda que vai no ángulo superior de proa pra amarrá-la *verja*, o *abenque* corda que vai no ángulo inferior de sotavento pra enganchar na popa, a *escota* corda que leva a vela a continuación do ángulo inferior de popa e sirve pra regulá-la entrada do vento na mesma, o *estai* ou *vento da vela*, corda delgada que amarra a vela, e o *estrobo* cabo que mantén a *verja* no seu lugar propio, esto é, cruzándose co *palo* máis ou menos no medio deste.


Pra izá-la vela, *botala arriba* ou *drizala*, pásase a *ostaja* ou *ustaja* (que é unha corda) polo burato da *noz* ou *nuez* (úsase máis correntemente o castelanismo pra desinalo), cacho de buxo furado colocado no bico do *palo*. Logo púxase polas *drizas* compostas polos cabos e polos *cuadernales* ou roldanas.

As *drizas* pasan polos *jardacabos* e *botós*, garruchas de diversas formas que teñen unha roda de madeira chamada *pastecca*. Hai que ollar que ó izá-la vela as *drizas* non se torzan e formen *cudillos*, reviravoltas que non lles deixan pasar polos *jardacabos*.

A vela leva por ambos lados uns cabos, desde a metade pra abaixo, chamados *rizos* ou *risos* que sirven pra achicala cando fai vento demáis, amarrándoos entre sí. O conxunto da vela cos seus cabos chámase *velamio*.

As veces a vela cambia de rumbo sin querer; chámase a esto *trasluchar*. Cando a vela vai enfiada dise que o barco vai *en vela* e senon dise que vai *en popa*.


Ó amainar, ou *carjá-la vela*, hai que recollela. Pra eso envólvese ou *relinjase*. Hai unha maneira especial de *relinjá-la vela* que se chama *poñé-la vela á marroquina* o que consiste en *arrialo*, envolvela na *verja* e amarrala ó *palo*, introducindo a punta da *verja* na *enfojonadura*.

Fig. 5: *vela*

## 2. CLASES DE EMBARCACIONES

En Sada os tipos de embarcacións máis usados son a *chalana*, embarcación pequena, de tamaño variable, anque non adoita pasar dos 3 m. de lonxitude e dos 2 m. de anchura. Ten proa triangular e popa rectangular con fondo plano. Según o seu tamaño pode ter 2 ou 3 *bancadas* e ter, ou non, *corredores*. Tamén hai *chalanas* medio cubertas, destinadas á carga. Son de maior tamaño e poden levar motor.

Como tódalas embarcacións pequenas a *chalana* divídese en *aujeiro* ou fondo, *baldera* ou costados, *estampa*, *embancadura* cos *celeiros*, compartimentos da *embancadura*, e o *tambuche*, pequeno departamento na proa onde

Fig. 6: *chalana*

se gardan cordas e toletes. A *chalana* leva na *roda* de proa un remate saínte e redondeado que sirve pra amarrá-la chamado *caperol* ou *carro*.

Outro tipo de embarcación pequena é a *chalana chata* de proa e popa rectangulares, pro coa proa máis levantada. Ten sóio dúas *bancadas* e normalmente non ten *corredores*. Se os ten é sóio nunha *bancada*. Ten *celeiros*. Utilízase pró servicio doutros barcos, normalmente.




Fig. 7: *chalana chata*

Outra embarcación pequena é o *bote*. Ten proa en punta, algo máis redondeada cá *chalana*; a popa é rectangular e o fondo redondo; ten de tres a catro *bancadas*. É polo tanto meirande cá *chalana*, normalmente, anque ten as mesmas partes.




Fig. 8: *bote*

De tamaño meirande é a *buceta*, redonda de proa e popa, dunha anchura coma a do *bote*, pro máis larga. Ten cinco ou seis *bancadas* e pode levar motor chamándose entón *motora*. A embancadura divídese en *caixas*, compartimentos cubertos con tapadeiras cuadradas de madeira chamadas *cuarteles*. As *caixas* levan un borde de madeira no que encaixa o *cuartel*, chamado *brazola*.

Cando a *buceta* é pequena chámase *bucetilla*.

Moi usada é a *lancha*, embarcación meirande cá *buceta*, case o dobre, que ten tamén proa e popa redondas. Ten sete ou oito *bancadas*, normalmente cubertas de *corredor*, deixando sóio no medio as *caixas* cos seus *cuarteles*. No medio da *lancha* vai o *viveiro*, división pra gardá-lo peixe vivo onde chega a auga do mar que se vai renovando por medio de buratos. Na parte última da popa a *lancha* leva a *chupeta* ou *chopa*, especie de alacena pra gardar cousas pequenas como *estrobos*, cordas, etc.

Se a *lancha* leva motor chámase *lancha motora*. Se se dedica ó remolque leva na cuberta un pau espetado chamado *cepo*.

Coma a *lancha*, pro máis estreita, é a *trainera*.

Unha clase de *lancha*, hoxe desaparecida, é a *lancha xeiteira*, pois agora péscase ó *xeito* desde motoras. A *lancha xeiteira* tiña 4 *bancadas*, 2 *chopas* pola popa, *tilla* na proa, *pana*, *cadoira* e *cadoeira* na popa pra levá-la rede.

Barcos meirandes a motor son as *parexas*. Levan o aparello chamado *parexa* e danlle este nome porque van de dous en dous. Se van sóios chámense *bous* os grandes, e *vacas*, os máis cativos. Cando van co aparello chamado *tarrafa* chámense *tarrafeiras* ou *barcos da tarrafa*; se son pequenos chámense *tarrafillas*; se van á pesca con *volanta*, *volanteiras*, e se con *traíña*, *barcos da traíña*. Todos estes barcos teñen xeralmente dous compartimentos, chamados *ranchos*, prós mariñeiros.

### III. A REDE

#### I. CONFECIÓN

As *rederas* eran as encargadas de *facé-la rede*. Pra eso empregábase antes fío de algodón ou de cáñamo en madeixas que se devandaban no *virador*. Hoxe faise con fío de "nylon" e vén tecida de Barcelona ou do Ferrol. Pra facé-las redes usábanse *ajullas de pau*, feitas a navalla polos mesmos mariñeiros. Estas agullas teñen o ollo aberto e levan na cabeza outro burato. O fío envólvese entre o burato da cabeza e o burato do ollo e vaise desenrolando según se fai a *malla* ou tecido da rede.

As agullas levan distintas denominacións polo tamaño: *ajullas de coser* as máis pequenas, *ajullas de armar* as que sirven pra uní-lo tecido de malla á tralla e *ajullas de cadeneta* as que sirven pra facé-la *cadeneta*, parte máis tupida da rede. Tóda-las agullas son de buxo.

Se a rede era *clara*, é decir, de malla ancha, empregábase o *basadeiro* ou *forma da rede*, taco de madeira cuadrado que servía pra medí-la abertura da malla. As redes *claras* tiñan de catro a sete *vías* ou *pasadas*, medida que corresponde ó número de mallas que hai nun palmo. Por exemplo as redes de *rapé* teñen sete *vías*.

Se a rede é *ficheira*, é decir de malla estreita, en vez de facerse co *base-deiro* facíase ó *dedo*, medindo a abertura da malla co dedo. Son redes de sete a trece *vías*. Por exemplo as chamadas *medias redes*, o *cope* e en xeral tódalas do *bou*. A malla máis difícil de tecer era a do *xeito* de once a trece *vías*. A malla de *tarrafa* de dezasete *vías* viña de Barcelona pois non se podía facer a mán.

Pra *traballá-lo aparello* utilizábanse diferentes fíos. Así, o *liño* facíase con fío *jordo*, a malla de *xeito* con fío do número sesenta, as *medias redes* e o *cope* con fío do tres ou do catro.

A rede está dividida en *panos* ou partes que ás veces levan distintas denominacións según os aparellos (Vid. Oficios da pesca). Os *panos* van *empañados* (amecidos) uns cos outros polo *liño*, costura de fío gordo feita a man. Tamén levan uns panos de malla *clara*, chamados *rapé*, que van cosidos á *tralla de plomo*, e outros amecidos á *tralla de corcho*, tamén de malla *clara*, que fan a *malla mestre*. Moitos mariñeiros poñen entre ámbalas trallas *rapé*.

A rede pode levar ademáis unha chea de *reforzos* ou redes superpostas. Os máis correntes nas redes de cerco son a *pancilla*, que cobre o *cabeceiro* trasversalmente e a *cúa* que vai tamén no *cabeceiro*, lonxitudinalmente. Os aparellos de arrastre levan normalmente un *reforzo* no *cope* chamado *mandil* e ó longo de toda a rede por riba da malla *rapé* levan a *raina*, reforzo de rede *clara*.

Ás veces a rede necesita ser ampliada. Neste caso *encánaselle* outro pano.

Pra completá-las redes habíaas que *entrallar* ou *armar*, poñéndolle-la *tralla*, corda que remata a rede por riba e por baixo. Por riba a tralla leva *corchos* e por baixo *plomos* que en conxunto reciben o nome de *plomada* ou *pedreira*, pois ás veces os pesos eran pedras. Se a tralla de chombo leva como pesos bolsas de area dise que leva *pándulleiras*. As trallas únense á rede por medio das *costuras das cordas*.

As redes de cerco complétanse por baixo cunha corda floxa, amecida á tralla de chombo de braza en braza, chamada *pé de jallo* ou *vento da rede*. A esta corda van cosidas unhas argolas que cando son de corda chámanse *cabiños*, polos que vai enfiada a *xareta*, *chave* ou *tira*. Esta corda, ó tirar dela, pecha a rede por baixo, facendo unha bolsa chamada *copo* pola súa forma, onde queda engaiolado o peixe.

Nos *cabeceiros* das redes vai un *pé de jallo* que remata nunha corda pra halá-lo aparello ou ben van os *calós* que son dúas cordas amecidas polo *pau do calón* onde vai amarrada a *culebra* ou corda pra subí-la rede a bordo.

Ás veces pónselles ás redes unhas chombadas especiais pra facelas máis pesadas chamadas *rosarios*.

Finalmente a rede debe ser *teñida* ou *casca*. Pra eso poñíase a ferver auga na *caldeira da casca*. Esta caldeira tiña tal dimensión que a auga que contiña tardaba máis de catro horas en ferver con bo lume. Logo botábase esta auga no *cascadeiro* ou *casa da casca*, recipiente que contiña corteza da piñeiro. Do *cascadeiro* filtrábase a auga pra pasala ó *pilo* ou *mistoiro*, pozo onde se metía a rede pra *encascula*. Despóis desto poñíase a decurrir no *virador*, barra de ferro que da voltas cunha manivela. Logo iba ó *tinare* que eran unha gran tina na que estaba certo tempo a rede nunha nova auga. Por último levábase a enxugar ós *secadeiros*.




Fig. 9:

1. pé de jallo; 2. xareta; 3. calón; 4. bourel; 5. tralla de corcho;  
6. tralla de plomo; 7. pé de jallo; 8. arinque con bourel e morto

De cada pouco as redes precisaban unha *mista* que consistía en metelas de novo en auga de casca, operación que se chamaba *enmistalas*, *mistalas* ou *darlles misto*.

Cando unha rede se derrama *átase*, *aliñóase* ou *tómase a liñó*, é decir, cósesse a parte rota a *liñó*.

## 2. PESCA CON REDE

Os mariñeiros chaman *oficios da pesca* ós distintos métodos pra pescar, según o aparello utilizado. Os diferentes oficios son debidos ás diversas

especies que se queiran pescar e úsanse en distintas épocas do ano, épocas que normalmente son fixas. Así no inverno péscase sobre todo xurelo que ven ás costas pra comé-lo *millo* do *patexo*, *semente* ou ovas deste cangrexo. Polo vrán este peixe vai mar adentro pra *comé-lo jolfo da pedra*, olga que hai nos fondos pedregosos, e veñen á costa as sardiñas, os panchos, as bogas e outros moitos peixes que se alimentan de plancton. Así pois, a época de máis pesca é no vrán, que tamén se divide en tempadas según a clase de peixe que se queira pescar.

Os mariñeiros *cambian de oficio* se o que están utilizando non é adecuado pra aquela época ou ben porque cambian a un barco que teña que levar distinto aparello. Hai tamén aparellos que se poden usar durante todo o ano por servir pra moitas especies, pra algunhas que se dan durante todo o ano ou porque son levados por embarcacións que poden desplazarse á altura do peixe.

Antes de saír pescar, o *rapás*, neno que traballa no barco, *traseja* auga pra *baldeá-la* cuberta deixándoa limpa e arranxada pra meté-las redes. Estas tráense dos *secadeiros* e embárcanse pasándoas de un mariñeiro a outro, operación que se chama *darlle de man* á rede.

O barco vai mandado polo *patrón* e leva ademáis do *rapás* varios *mariñeiros*, todos eles *xente de mare*, provistos dos seus *arrees* ou utensilios necesarios, que van dentro do *jarrucho*, cesto pequeno, redondo e cunha asa. Se hai mal tempo *amárrase*, é decir, non se sae de pesca, pro senon vaise ó mar e *fondéase* ou *embarrase* botando a áncora e ficando fixo nun punto pra traballar ó *trabuquete*, é decir, tirando o aparello lonxe da costa en lugar de facelo na praia. É entón cando se utiliza un aparello determinado pra cada oficio e vólvese logo coa pesca pra casa. Ó chegar ó porto *amárrase*. Pra eso un home desde terra *cobra* un cabo, mentras que desde o barco outro *solta corda*, corda que se amarra en terra. A embarcación vaise arrimando cun *bicheiro*, especie de gancho cun mango largo. Logo descárgase o peixe vaise metendo en *patelas*, especie de cestos planos, e *caixas* pra levalo á lonxa. Despóis de descargar achícase a auga do fondo do barco cun *balde* ou cunha *fiera*, especie de cunca pequena de madeira.

As áncoras que usan os barcos pra fondear poden ser de varios tipos.

a) O *rizón*, áncora pequena de ferro composta das *uñas*, partes coas que se amarra ó fondo, a *vara*, *barra* ou *caña* parte máis larga que une as *uñas* co *orjaneu* ou *arjaneu*, argola onde se amarra o cabo e o *cepo* parte do *rizón* onde se xuntan as *uñas*.

b) A *patexa*, áncora de madeira en forma de cruz de maneira que un dos tres paus que forman a cruz termine en gadoupa. A outra gadoupa faina unha pedra que vai amarrada á cruz.

c) O *morto*, áncora primitiva feita dunha pedra de bon tamaño que se *larja* nos sitios penedosos, e

d) O *jarampín*, rizón pequeno que sóio se usa pra rastreá-la redes no fondo do mar.

As áncoras van amarradas cun cabo que fai un *atalinjado*, nó cunhas características especiais. Pra localizá-la distancia á que está unha áncora átaselle un cabo *arinque* ou *orinque* a unha *uña*. O *arinque* leva no

outro extremo unha boia que indica a distancia. A *jalja* é un pedazo de corda amarrado a unha *uña* da áncora polo que se tira cando quedou presa no fondo do mar pra que se solte fácilmente. As embarcacións levan na proa un cacho de corda con dous lazos chamado *carabéu* onde se prende o cabo da áncora.

En Sada utilizábanse gran número de aparellos de pesca que foron desaparecendo, e hoxe quedan reducidos a uns poucos. De tódalas maneiras na memoria dos vellos aínda perduran moitos deles que intentamos recoller.

Entre os aparellos que se *tenden* e se espera que *enmalle* o peixe atopamos:

a) O *xeito* que se utiliza na pesca da sardiña. Ten unhas 500 *brazas* e cinco ou seis pezas, cada unha cun reforzo ó redor de cada pano. Leva *tralla de corcho* e *tralla de plomo*. Na cabeza ou *cabeceiro* de cada pano leva uns fíos que sirven pra atalo ó seguinte. As pezas reciben o nome de *man* a máis cercana ó barco, *dúas*, *tres* e *catro* as seguintes, e *rabo*, pola que se empeza a *larjar*. Leva *cúas* e *pés de jallo* no *cabeceiro* con cortizos a maneira de *boias* ou *boureles*, cortizos flotantes que indican a posición dos *cabeceiros*. A corda que vai do *bourel* á *tralla de corchos* chámase *cala* e a que une o *cabeceiro* da rede ca embarcación *cabo da cúa*.

O *xeito* era levado pola *lancha xeiteira* (Vid. embarcacións).

Hai tamén un *xeito de malla pequena* de catorce ou quince *pasadas*, que se usa prá *parrocha*.




Fig. 10: rizón




Fig. 11: embalos

Pra atopá-la sardiña, os mariñeiros vólense dos voos das gaivotas ou ben da *ardora*, *ardoría* ou *ardor*, ou sexa pola fosforescencia das augas. Pra pescar coa *ardoría* é necesario *choupar* (golpear) as augas pra que cos *chouparos* se *embale* o peixe e se vexa a *ardoría*. As augas chópanse cun *pandullo*, *pombada*, *embalo*, *escandallo*, *pandulleira* ou *chumbada* que consiste nun peso amarrado a unha corda. Tamén se localiza o peixe gracias á *touliña*, *toliña* ou *touriña*, cetáceo que persigue á sardiña obrigándoa a facer bancos, chamados *mansíos*, que se conocen pola gran cantidade de paxaros que

voan derriba. Se non houbera nin *ardoría* nin *mansío* tíñase que andar *escoitando o peixe* coas luces do barco enteiramente apagadas. Pra alumar no barco utilizábase o *facheiro*, fachucho de palla ou farol pequeno, única *luse* do barco. Hoxe emprégase pra atopá-lo peixe o *radar*.

Os bancos de sardiña, ademáis de *mansío*, tamén recibían os nomes de *cardume* e *arribazón*. Chámase *rebas*, *espombada* ou *albor da sardiña* á sardiña que está nas *axadas da auga*, é decir á flor da auga. *Blanco* é o banco de peixe que se ve pola noite e *nefro* un banco moi mesto e de cor oscura. Cando o peixe non fai banco dícese que está *estrado*.

Sáese ó mar á caída da tarde, sobre das seis, e péscase ou ben de *asexo*, pola tardiña, é decir, hastra as dez da noite, ou ben *ó día* ou *á alba* de dez da noite ás doce, ou ben de *amanexo*, pola mañanciña, das doce hastra que amañece.

Logo de *fondeare*, *téndese o xeito*, comenzando polo *rabo*. Cóllese un cabo do aparello deixando ó xeito á deriva, mirándolle os cortizos, pois cando estos afondan o peixe está *enmallado* ou *mallado*. Entón *hátase* o aparello tirando del cara a ún e vaise *desmallando* ou *despescando* o peixe, é decir, quitándoo das mallas coas mans a medida que se mete a rede no barco.

Co *troeiro* bótase o peixe na *pana* da lancha. *Envásase* así o peixe e vese se se *matóu*, *pillóu*, *colléu* ou *pescóu* moito.

Despóis doutros *lances* ou *caladas*, veces que se lanza o aparello ó mar, vólvese a casa coa pesca.




Fig. 12: *xeito*

b) Pra pescar peixes tales coma o pión, a xarda e a agulla úsase a *beta*, rede rectangular dunhas 400 mallas e vinte ou trinta brazas. Os seus *cabeceiros* poden ser rectos ou ter *pés de jallo*. Por riba téñen *tralla de corcho* e por abaixo *pedreira*.

Téndese coma o *xeito*. Bótase de noite á *ardoría*. Pra pescar coa *beta* espántase o peixe con *embalos* pra que *enmalle*. Cargada a rede recóllese e *desmállase*.




Fig. 13: *beta*

c) Pra pesca de pión e semellantes utilízase unha rede rectangular duns 4 m. de alto por 70 de largo chamada *pionera*. Ten *tralla de corcho* e *de plomo* e no *cabeceiro pés de jallo*. Téndese coma o *xeito* e logo espérase a que afonden os corchos pra recollela. O peixe queda *enmallado*. Pra pescar a este aparello úsanse *botões* e *bucetillas*. É un arte de fondo, é dicir a rede




Fig. 14: *pionera*

téndese tan abaixo que a *tralla de plomo* vai casi en contacto co fondo do mar.

d) Prás raias, rodaballos, centolas e langostas úsase o *rasco*, rede rectangular de fondo. Téndese perto da costa. Leva *tralla de corcho* e *de plomo* e precisa de embarcacións pequenas anque ás veces lévase en *lanchas* por ir varios *rascos* amecidos. Os *rascos* pequenos chámanse *rasquiños* e son moi usados en Sada. O *rasquiño* ten braza e media de alto e leva tres panos armados moi froxos pra que *voleen*, fagan rizos. Ten malla *clara* polas veiras.




Fig. 15: *rasco*

e) Prá raia sobre todo, anque tamén se utiliza pró rodaballo, *jrilo* e langosta, úsase a *raeira*, rede rectangular con *tralla de plomo* e *de corcho*. Nos cabeceiros leva calóns e *arínque*, corda que vai atada por un *chicote*, ou extremo, a un *bourel*, especie de boia de corcho que leva derriba algo indicador (un trapo de cor forte, un ramallo de loureiro, etc.). O *arínque* vai amarrado polo *chicote* inferior a un *morto*. Téndese perso da costa e déixase hastra que *enmalle* o peixe, logo *cóbrase* ou recóllese, *despescase* e vólvese a largar. Lévese en *lanchas*, pois ás veces alcanza gran tamaño por amecerse varias *raeiras*. Pode levar *pandullos* no lugar dos chombos.




Fig. 16: *raeira*

Se a *raeira* é pequena chámase *esmillo*.

f) Prá pescada, besugo, cazón, badeixo e semellantes, emprégase unha rede rectangular de 40 a 50 m. de largo por 6 m. de alto con malla de 12 cm. chamada *volanta*. Normalmente utilízanse varias *volantas* amecidas. Todo o aparello xunto chega a alcanzar 2.000 m.

Leva *tralla de corcho* e *pedreira*. Téndese coma o *xeito* pro é de fondo. Leva uns cantos *boureles* pra que se vexa a posición da rede. Ten cabeceiro recto.

Lévase este aparello en barcos a motor, coma os *bous* e as *vacas*, que se chaman *volanteiras*, precisamente por traballar na *volanta*.

Lárgase a *volanta* en fondo profundo, pano por pano e pra que non *derrame*, é decir non se desparrame nin se rompa, lárgase e hálase cun carete que esta na popa.




Fig. 17: *volanta*

g) Pró cóngaro, besugo, faneca e outros, utilízase o *trasmallo*, rede rectangular de tres panos chamados *mallotes*, colocados cada ún sobre dos outros. Ten uns 40 m. de largo por 2 de alto. Leva *tralla de corcho* e de *plomo* que ás veces pode ser *pandulleira*. Leva tamén *pés de jallo* e *arinques* nos *cabeceiros*.

Lárgase e déixase soia durante certo tempo pois o peixe queda nas bolsas que fai a auga nos tres panos. Cóbrase despóis, quítaselle o peixe e téndese de novo.

h) Pró linguado utilízase sobre todo o *milllo*, rede rectangular con tres panos coma o *trasmallo* pro coa malla máis *clara*. Úsase coma o *trasmallo*.

Dentro dos oficios de pesca fan un grupo especial os que se practican con *aparellos de cerco*:

i) Un destes aparellos de cerco moi empregado é a *traíña*. A rede remata nos cabeceiros tamén chamados *enxajes*, *roedoiros* ou *raedoiros*. Na *tralla de plomo* leva *pés de jallo* con arandelas polas que pasa a *xareta*. A *traíña* é un aparello duns 125 m. por 18 m. cunha malla de 8 a 12 mm. Leva tres panos rematados con *rapé*. Úsase desde hai moito tempo. Os mariñeiros van




Fig. 18: trasmallo

ó mar con dúas ou tres lanchas chamadas *traineras* (dunhas doce bancadas, vinte remos e corenta homes) ou en *barcos da traíña* de tamaño meirande. Úsase sobre todo prá pesca da sardiña. Pra pescar con traíña descóbrese o peixe pola *ardoría*, polo *mansío* ou ben polo *jaldeo*. O *jaldeo* é un *enjado* ou *enjoado* (isco) especial prás sardiñas que consiste en *raba*, ovos de pescada ou bacalao moidos con salvado, que se bota ó redor dunha boia. Tamén se usa como *enjado* o *mazacote* ou *mazajote*, sardiñas desfeitas, usadas tamén pró ollomol.

Despóis de chegar ó banco de sardiñas lárbase o aparello. Nun cabeceiro vai un *bourel* con algo rechamante pra que se vexa de lonxe. O barco navega ó redor do banco de sardiñas facendo o cerco hastra chegar ó *bourel* de novo. Non fondea senon que vai *fiando*, é decir utilizando o remo de xeito que faga dar volta rápida á embarcación. Logo tírase da *xareta*, cerrando a rede por baixo, operación que se chama *chavear*. A rede queda coma unha bolsa formando o *copo* ou *envase* onde vai a pará-lo peixe despóis de *embalado* cunha *chumbada* pra que non fuxa pola quilla. Hálase a rede a bordo e sácase dela o peixe con *troeiros* pra *envasalo* na *pana* da lancha.

j) Unha arte de pesca desaparecida ó remate do século pasado foi o *cedazo*, inda recordado polos mariñeiros máis vellos que entón estaban na infancia. Semellábase á *traíña* pro era meirande e necesitaba de moitos homes pra ser largado. Iba en lanchas grandes, que levaban a bordo algunha chalana pra axudar a facé-lo cerco. Ademáis acompañaban á lancha outras embarcacións de tamaño intermedio, unhas pra localizá-lo banco, outras pra axudar a largar, etc. Por eso os *cedazos* eran poucos e equivalían a sociedades. Na ría da Cruña recordan os *cedazos* chamados *ferro* e *marisán*. Hoxe desapareceu polo gran número de homes e de embarcacións que precisaba.

O aparello largábase facendo un cerco completo e amarrábase ó fondo con *rizóns* e *patexas*. Deixábase así durante varios días. Valeirábase diariamente con *troeiros* desde barquiñas pequenas.




Fig. 19: traíña

k) Unha das redes máis usadas en Sada é a *tarrafa*. Empléase sobre todo prá pesca de sardiña. É un aparello de cerco que vai armado de pezas chamadas *coarteladas* ou *copes* dunhas 400 mallas e 100 m. de largo, unidas entre sí polo *liño*. Unha *tarrafa* pequena ten unhas corenta pezas, chegando a alcanzá-las normales setenta.

De arriba a abaixo ten: a *tralla de corcho*, un *rapé*, despois un pano, logo unha *raíña*, un novo *rapé* e a *tralla de plomo*. Na tralla de plomo cada cinco brazas leva uns *ventos* ou *pés de jallo* cunhas argolas polas que pasa a *chave*. Nos cabeceiros do aparello van normalmente as *cúas* e as *pancillas*. A tralla leva unhas *culebras* pra halá-lo aparello.

A *tarrafa* vai en barcos grandes a motor, e según o tamaño do barco pódense chamar *tarrafeiras* ou *barcos de tarrafa* e *tarrafillas*. Lévese tamén unha barquiña pequena pra axudar ó cerco.

Búscase a pesca, faise o cerco e *cópase* a rede por baixo tirando da *xarreta* que a fai pechar e formá-lo *copo*. Hábase logo o aparello hastra que sóio queda fora do barco o *copo*, onde está a pesca. Entón quítase esta con *troeiro*.

Cando era o tempo da *costeira da sardiña*, é decir, cando a sardiña viña cerca da costa, era antes esta a única época do ano na que o mariñeiro traballaba a xornal. Hoxe con este aparello vaise o xornal todo o ano.

l) Outro aparello semellantes á *tarrafa* pro con malla máis *ficheira* é a *mocarteira* ou *bocarteira*. Úsase pró *mocarte*.

m) Entre as redes de cerco usadas pra pescar sardiñas fáltanos por citá-lo *racú*, aparello con dúas seccións horizontales coma a *tarrafa*, á que se asemella moito, anque é de menor tamaño pois sóio ten de 25 a 30 brazas de




Fig. 20: tarrafa

altura mentras que a *tarrafa* ten de 40 a 70. Lévese en barcas pequenas como son as *chalanas*, *botes* ou *bucetas*. Polo demáis é igual cá *tarrafa*.

Outro grupo especial dentro dos oficios de pesca fano os *aparells de arrastre*:

n) A *xábreja* é unha rede que se utiliza tamén principalmente prá pesca da sardiña. Leva dúas *pernadas*, partes laterales e longas da rede, compostas de *docena* e *casarete*, que fan como un corredor polo que o peixe chega ó *preseiro* ou *envasadoiro*, lugar onde fica engaiolado. O *envasadoiro* é o equivalente ó *cope* dos outros aparellos de arrastre. Na veira superior da *xábreja* vai unha *tralla de corcho* e na inferior unha *de plomo*. As *pernadas* rematar en calóns.

Pra pescar coa *xábreja* sinalábanse con anterioridade os sitios onde se podía largar, pra que neles non fondearan nin botaran escombro os barcos. Estes sitios chamábanse *postas*. Pra largar amárrase en terra un *chicote* dunha corda dunhas 15 brazas e o barco vai describindo un semicírculo ó tempo que vai soltando a *pernada* da rede. Unha vez rodeado o peixe rastreáse o aparello hastra que o *preseiro* está perto da costa. Entón quítase a pesca cun *troeiro*. Ó rastreá-lo aparello hai que ter tento que as dúas *pernadas* vaian sempre á mesma altura pra que non fuxa o peixe.

ñ) Tamén prá pesca da sardiña se usa o *boliche*, aparello de arrastre que se leva en barquiñas pequenas. Ten *pernadas*, compostas de *docena* e *casarete*, *boqueira* ou entrada do *cope* lugar onde fica o peixe e que remata




Fig. 21: xábreja

na *coroa*. Ó redor da *boqueira* leva un reforzo de *raíña*. As *pernadas* terminan en calóns. O *boliche* leva na *boqueira* *tralla de corcho* con *panas* (cortizos cuadrados) e *tralla de plomo*.

Pra atopá-la pesca válese da *ardoría*, o *jaldeo* ou o *mansío*. Pódese pescar con *boliche* desde terra ou desde o barco. Desde terra faise coma coa *xábreja*, e desde o barco lárgase un cabo que leva nun *chicote* unha pedra e noutro unha boia e logo faise o cerco. Se o peixe é *volante*, é decir, está nas *axadas* dauga, péscase e hálase o aparello. Se é de fondo rastrease. Cando o *cope* está perto do *courel* do barco *envásase* o peixe.




Fig. 22: *boliche*

o) Pra pesca dos lirios, das pescadas e hastra de *jrilos* e lagostras úsase o *bou*. É unha rede de arrastre que se compón dunha chea de pezas que consecutivamente son: as *pernas*, pezas equivalentes ás *pernadas* da *xábreja*, *bocana*, boca ou entrada do aparello, *medias redes*, *janelón* e *cope* no que leva normalmente un reforzo chamado *mandil*. Dentro do *cope* vai a *fisja* que é coma un embudo de rede pra non deixar saír ó peixe logo de atrapado. Pra pescar con *bou* utilízanse barcos grandes a motor que tamén se chaman *bous*. O aparello cando é máis pequeno leva o nome de *vaca* así coma o barco que o usa.

Cando se chega ó sitio da pesca lárgase o aparello por barlovento començando polo *cope*. O barco sigue andando e colle toda a pesca que atopa no fondo (por eso este aparello está prohibido na ría). Cóbrase a rede e quítaselle o peixe, volvendo logo a largar.






Fig. 23: *bou*

p) Outro aparello de arrastre é a *parexa* que se utiliza principalmente tamén prá pesca da sardiña. É levado por dous barcos (semellantes ós *bous* ou ás *vacas*) chamados coma o aparello *parexa*. Divídese como o *bou* en *pernas*, *bocana*, *janelón*, *cope* (onde vai a fisja) e *coroa* ou remate do *cope*, de malla máis *clara*. A *parexa* leva unha tralla superior con *flotadores*, cortizos moi grandes ou bolas de vidro, e unha tralla inferior de chombo.

Cando se chega a bo sitio pra largar bótase o aparello empezando polo *cope*. Logo de rematá-la operación pásase o cabo dunha *perna* ó outro barco (case sempre por medio dunha *chalana* que leva a bordo algún deles) e empezan a andar parellos os barcos anque levando algunha distancia entre os dous pra que as *pernas* vaian ben separadas. Logo cóbrase o aparello izando cada embarcación polo seu lado hastra que a rede pasa a un deles onde acaban de embarcalo. Pra atopá-la pesca utilizan o radar.

Fig. 24: *parexa*

q) Semellante ó *bou* é a *patexeira*, aparello duns 67 m. de largo. Chámase tamén *bou de mán*. Utilízase prá pesca do *patexo*. Lévbase en lanchas chamadas *lanchas do patexo*. Hoxe este animal non se pesca por non ser rentable. A *patexeira* consta de *pernadas*, *cope* e *coroa*. Leva tralla de *corcho* e de *plomo* e as *pernadas* rematan en calóns. Bótase o cabo dunha

Fig. 25: *patexeira*

*pernada* cun rizón e un bourel e vaise co outro extremo facendo cerco hastra chegar ó primeiro cabo, logo rastrease coa rede e finalmente recóllese o aparello. O *patexo* era un abono moi cotizado polos labregos.

r) Pró *rebaló* utilízase a *rapeta da brava*. En realidade é unha mistura do aparello de cerco e do de arrastre. Está armado con *beta* e ten algo de *cope*. Por riba ten *tralla de corcho* e pro baixo *pandullos*, pedras colgadas de cabos que veñen a substituír á *tralla de plomo*. Usábase nas praias polo que tamén se chama *rapeta da praia*. Lárgase facendo cerco e logo rastrease hastra terra. Os mariñeiros teñen que meterse no mar hastra os xionllos e turrar da corda pra rastreá-lo aparello mentras pisan a *tralla dos pandullos* por fora da rede pra que o peixe non fuxa por baixo. Hoxe este aparello non se usa.

Coma a *rapeta da brava* é a chamada simplemente *rapeta*, anque foi moito menos usada. Lárgase no mar de maneira semellante a como se larga a outra nas praias.

Unha variedade de ambas é a *rapetilla* máis pequena e con *presea*, *cope* de tamaño moi reducido.




Fig. 26: *rapetilla*

s) Existen outros aparellos de pesca de menor importancia cós ditos, feitos de rede, que son a *estallada*, o *estanco*, o *medio mundo*, a *naza*, o *troeiro*, a *sarandá* e a *tarralla*.

A *estallada* é unha rede duns 200 m. de largo por 8 m. de alto. Ármase nas ensenadas cubrindo un semicírculo dun lado a outro da ensenada. Está




Fig. 27: *estallada*

montada sobor de estacas e amarrada con rizóns pequenos. Cando debala o mar os peixes quedan nela atrapados. Úsase con preferencia prá pesca do muxo.

O *estanco* é unha rede moi semellante á interior pro cun sóio pano. Colócase nas desembocaduras dos *rajachos* pra que cando debale o mar fiquen os peixes presos casi en seco. O aparello vai chantado ás beiras do río por estacas.




Fig. 28: *estanco*

O *medio mundo* utilízase prós pións, xurelos, panchos e semellantes. Está feito cun aro de ferro ou madeira no que se prende unha rede en forma de bolsa. O aro leva tres cordas chamadas *ventos* que se atan a unha argola presa na punta dun pau que fai de mango do aparello. Úsase desde terra ou ben desde un barco pequeno. Bótaselle engado pra atraé-lo peixe e métese na auga. O peixe ven chamado pola carnada e cando está dentro érguese a modíño o *medio mundo* e métese no barco coa pesca. Fanse logo os *lances* ou *caladas* que se queiran.




Fig. 29: *medio mundo*

A *naza* úsase prá pesca de lagostras, centolas e semellantes. Consiste nunha caixa cilíndrica feita de bimbio ou táboas e recuberta de rede. Tamén pode ser de ferro. Ten unha trampa no interior, que deixa entrá-lo peixe pro non lle deixa sair. Esta trampa chámase *matadeiro*. Dentro da *naza* pónse o engado que neste caso é *carnada* ou *encarnada*, é decir, está feito de anacos de peixe, as máis das veces sardiña. Logo amárraselle un *morto* e déitase no fondo de xeito que o *matadeiro* fique dunha beira pra que a pesca entre doadamente. A *naza* leva tamén unha boia pra podela localizar.

Un tipo de *naza* especial é a usada prás anguías e que ten a feitura dunha garrafa.




Fig. 30: nazas

O *salabardo*, *troeiro*, *troel* ou *jañapán* é unha rede pechada por baixo que vai atada a un aro de madeira ou ferro con un mango de pau. Utilízase pra envasá-la pesca da rede ó barco. Tamén se usa pra pillar nécoras e camaróns anque sóio por nenos e xente con vagar.




Fig. 31: troeiros e sarandas

Pra eso cóllese un pau ó que se lle amarra nunha punta *carnada* envolta en rede, logo sulágase o *troeiro* nunha poza das penas e vaise encaramelando o animal hastra el co engado do pau.

A *saranda* é tamén unha rede cónica coma o *troeiro* pró seu aro non vai preso a un pau senon que leva unhas cordas a modo de *ventos* chamadas *rabizas*. Ten uso semellante ó *troeiro*.

A *tarralla* é unha rede redonda que leva ó redor unha tralla circular con chombos de onde saen catorce cabos que pasan pola argola que ten a rede nun burato cara ó medio. Estes cabiños únense nunha corda que recolle o aparello. Cando está tendido debe ter unha lonxitude de 10 m., pechado, de 2 m.

Úsase desde terra largándoo sobre o peixe, que ven chamado polo engado. Logo túrrase pola corda que amarra os cabiños pechándose así a rede que colle no medio ó peixe. Valéirase e vólvese a largar.

#### IV. MÉTODOS DE PESCA DISTINTOS DAS REDES

##### 1. PESCA DE CORDEL

Pescar a cordel chámase en Sada *andar ó cordel*, *traballar ó cordel* ou *cordear*. Este xeito de pesca é moi pouco utilizado pois é de escaso rendimento. Nembargantes hai tamén algúns aparellos a cordel que son:


A *liña* que consiste nun fio goso onde *empata* outro cabiño de “nylon” chamado *tanza*, *cerda* ou *sedal* no que vai un chombo e un amocelo e ás veces un cortizo. En ocasións antes do chombo leva unha bolsa de engado. A *liña* lévase enrodelada nun cortizo ou nunha madeira e gardada no peto. Tamén pode amarrarse á punta dunha cana. Según o material de que se compoña o fio goso superior este aparello recibe ás veces os nomes de *sisal*, *abacá* ou *liño*. A *liña* cébase con *mazacote* ou *mazajote* engado feito de anacos de sardiña.

Coa *liña* pódese pescar *ó levantá-la liña* ou *ó parado*, que consiste en pescar co aparello solto desde un barco fondeado, e *ó curricán* ou *á fluxa* co barco en movemento levando as *liñas* pola popa. O *curricán* úsase sobre todo pró atún, rebalo, bonito e cabala.


O *palanjre* utilízase sobre todo prá pesca do cóngaro e da pescada. Leva unha corda horizontal chamada *madre* na que empatan os *brazoles*, *brasoladas* ou *barsoladas* que son cabiños cos seus amocelos. O *palanjre* pró cóngaro ten unhas 500 brazas de largo e cada braza leva unha *brasolada*. No cabeceiro leva unha boia e unha pedra *escandallo*, *pandulleira* ou *chumbada*. Polo outro cabeceiro vai amarrado a bordo. Pra que os palangres non se enreden ou *enlien* pónense en cestas redondas e chás chamadas tamén *palanjres* ou *cestas do palanjre* que levan ó redor da boca unha corda onde se chantan os amocelos. *Desenliar* os palangres é moi traballoso.

O *palanjrillo* é do mesmo xeito có *palanjre* pro de tamaño menor. Úsase pró mero, ollomol e semellantes.

Os *chivos* son palangrillos axeitados prá castañeta que levan un chombo a maneira de engado cun amocelo detrás. Pescar con *chivos* chámase *chivear*.

Fig. 32: *liña*Fig. 33: *palanjre*

Prá pesca da rebaliza úsase unha vara duns 6 m. de longo cun aramio no cabo, que leva dous cordóns envoltos a un amocelo que se ceba cunha sardiña sin cabeza. Bótase a vara e recóllese unha chea de veces hastra que o peixe pique. Pescar deste xeito chámase *vareá-la rebaliza* ou *vareare a rebaliza*.

Fig. 34: *palanjrillos*

## 2. MÉTODOS PRA PESCAR MOLUSCOS E OUTROS INVERTEBRADOS

Prá pesca da ameixa utilízanse o *cavador*, semicírculo de ferro mangado perpendicularmente nun pau co que se cava nas praias e costas; a *rapa*, pá triangular de ferro con mango de madeira; a *rasqueta*, lámina de ferro de máis de 40 cm. de largo por 10 de ancho que vai dobrada facendo un ángulo de lados desiguales dos que se usa o máis largo pra collela e o outro pra

rebuscá-las ameixas. Sirve tamén prós mexilóns, que se collen nos sitios ba- tidos. Tamén prá ameixa, úsanse *sachos* e *azadas* semellantes ó que se utili- zan pra traballar no campo, e *cuchilos*, especie de coitelos cos que se cavan e buscan as ameixas, berberechos, *zapatelas*, *diques* e semellantes.

Prá pesca das *aviñeiras* úsase o *rastro* que é un aparello que ten unha armadura semicircular da que se arrastra polo fondo do mar coa parte chá. A armadura sostén unha especie de saco feito de rede de malla *clara*. No fronte leva tres cabos que van amarrados a unha corda pola que se tira pra usá-lo aparello. Manéxase desde unha embarcación. Recolle todo o que ato- pa. Cada hora e cando érguese a bordo e recóllese o que interese.




Fig. 35: *rastro*

Prós longueiróns utilízase a *páinza* que é unha especie de lanza que se espeta sobre o animal. A pesca dos longueiróns faise sobre todo na Pascua.

Prás luras e semellantes e prós salmóns úsase a *fisja* ou *sisja* que é unha variante da *páinza* da que se diferencia en té-lo ferro da punta en for- ma cónica. Úsase como arpón.

Tamén prás luras, potas, *choupós* e semellantes utilízase a *potera* que é unha peza de chombo que leva nun cabo moitos alfileres dobrados a modo de amocelos. Vai forrada de fío branco ou de cor. Non leva engado. O aparello tírase e faise subir e baixar hastra que o animal se amarra.

Pró pulpo úsase a *raña*, liña rematada nun pau onde vai amarrada unha pedra. A esta átase un caranguexo vivo como engado. O pau leva tamén dous anzós onde queda presa a peza.

Tamén se usa pró pulpo o *raño* ou *rañeta*, pau longo con dous ganchos.

Prás centolas úsase unha especie de *fisja* chamada *raño de tres dentes*.




Fig. 36: *fisja* e *páinza*




Fig. 37: *poteras*




Fig. 38: *raños*

### 3. MÉTODOS DE PESCA PROHIBIDOS

O *atiro* é a arte de pescar con dinamita. A explosión provoca a morte de moitos peixes que despóis xurden á superficie onde son collidos con *troeiros*.

Outro método prohibido consiste en envelená-las augas das desembocaduras dos regachos con *cloruro* ou *cloro* (cloruro potásico) ou ben con *polvos de jas* (carburo cálcico).

Estes xeitos de pescar xa non son usados hoxendía.

## V. CONSERVACIÓN DO PEIXE

Pra conservá-lo peixe o primeiro que se debe facer é *lañado*. O *lañado* consiste en abrí-lo animal pola panza, quitándolle cabeza, tripa e espiña pra poñelo a secar ou pra salalo. Se sóio se descabeza e se deixa sin tripa chámase á operación *apostar* ou *escochar* e logo desto cócese e condiméntase axeitadamente, o que se chama *salcochar*. Esta operación faise maiormente co badexo, parrocha ou sardiña, cazón e raia.

A *manastra* é unha clase de *lañado* que se fai co xurelo. Quítaselle a cabeza e a tripa e ponse a secar. Logo envaríllase nunha *vareta*.

O peixe tamén pode ser *afumado*, aumentándolle así o tempo de boa conservación.

O sistema máis usado prá conservación do peixe hastra hai pouco era o *salazón*. Hoxe en Sada xa non existe pois foi substituído polas conservas.

A sardiña fresca botábase no *pilo* ou *lajareta*, especie de pozo onde se colocaban capas de peixe e sal alternando. Algún tempo máis tarde botábase ó *pilo salmoira* ou *moira*, que é auga saturada de sal, feita nunha *tina*. Trasegábase dunha a outro coa *cubeta*, cubo pequeno de madeira cun mango.

A sardiña removíase no *pilo* co *buzo*, *cavador* ou *rodo*, especie de varal longo que ten nun cabo unha semiesfera de pau. Esta operación chamábase *cavá-la sardiña* e consiste en *desfojala*, é decir espilila na auga, facendo por non esmagala.

Sacábase logo a sardiña do *pilo* cun *troeiro* e lavábase, operación a cargo dunha *pincha*. A sardiña lavada *estibábase*, é decir, as *estibadoras* colocábanse ordenadamente nun *casco* ou *tabal* que é unha cuba de madeira de 1/4 m. de altura por 1/2 m. de diámetro.

Este *tabal* faise co *semento*, cepillo fixo de carpinteiro onde se traballan as *duelas* (pezas laterales do *tabal*) e o *fondo*, ó que se lle dá a redondez cun semicírculo de cartón chamado *plancha de fondar*. As *duelas* teñen un encaixe chamado *xabre* que sostén o fondo do *tabal* e van amarradas con aros de castaño chamados *arcos*.

Os *tabales* cheos de sardiña lévanse ó *morto*, plataforma de lousa cunhas canles que van dar ó *pozo da jrasa*, pozo no chan onde vai pará-la grasa da sardiña prensada.

No morto está colocada a *prensa*. Houbo en Sada dous sistemas de prensa. O primitivo consistía nunha viga amarrada por un extremo a unha pedra espetada no chan. No outro extremo levaba unha *cadea* na que se colgaban outras pedras a maneira de pesas. Este sistema de prensa chámábase de *barra*. A viga iba erguida por unha corda presa nunha roldana que a deixaba

baixar según o seu peso fora prensando a sardiña. Debaixo da *barra* colocábase o *tabal* co peixe estibado cuberto polo *espichador*, testo cuns madeiros trasversales que lle coutan pasar do borde do *tabal* no prensado que realiza a *barra*. O *espichador* preme o peixe e faille soltá-la grasa (*saín* ou *seín*) que vai polas canles do *morto* ó *pozo da grasa*.




Fig. 39:

*prensa de barra; 1. barra; 2. cadea; 3. espichador; 4. tabal*

O sistema de prensa máis moderno é o de *husillos* que consiste nunha barra de madeira cunha rosca que se vai acalcando sobre o *espichador*.

A industria máis importante hoxe en Sada é a da *conserva*. Lévese o peixe á fábrica en caixas que reciben distintos nomes según o tamaño (*pandereta*, *portadora*, *caixa da pescada*, *caixa dunha medida*, de menor a maior) e é lavado en *tinis* ou *piletas* rectangulares.

En Sada ponse en conserva o mocarte. Logo de lavado *escóchase* e estíbese en *pipas* (*coarto de pipa*, *tercia*, *media* e *unha pipa*) que son barriles de distintos tamaños. Pra estibalos colócanse en capas, alternando capa de sal con capa de peixe. Tápase logo o barril co *espichador* ó que se lle asentan pedras enriba pra facer peso e prensá-lo mocarte, que agora pasa a chamarse *anchoa*. Díse que o peixe está entón en *moira* ou *salmoira*.

Logo de *estibada* a anchoa está lista pra *filetear* ou separala en filetes. Pra eso ten que pasá-las seguintes operacións: *pelar* ou sexa quitarlle a pel; *recortar*, quitarlle toda clase de aletas; e *empacar*, é dicir, colocala comementemente nas latas. Estas operacións fanas as *pinchas*, *ausiliares* e *empacadoras* respectivamente. Logo a anchoa está arranxada pra ser cuberta polo aceite, operación que se denomina *aceitache* ou *cebache*. A muller que fai esta faena chámase *cebadora*.

## VI. VOCABULARIO

## 1) O M A R

*afora*. Alta mar.

*ajieiro*. Banco de area nos sitios de pouco calado da praia.

*alombar*. Subí-lo nivel da auga. Normalmente díse cando ven unha ola sin crista.

*apanzar*. v. *alombar*.

*area*. Fondo con area. // Area.

*arjado*. Mar picado que se fai cando se atopa a forza da marea contra a dirección do vento.

*aujas mortas*. Auga do ronsel do barco. Dise que é peligroso meterse nas *aujas mortas* doutro barco.

*badía*. Bahía.

*baixa*. v. *baixo*.

*baixada do mare*. Marea que baixa.

*baixio*. Baixío.

*baixo*. Roca aislada no mar que pode representar un peligro prá navegación.

Chámase con *pouca auja* si é superficial.

*banco*. Banco de area.

*barré-los fondos*. Coller todo o peixe dun fondo.

*beira do mar*. Ourela do mar.

*braña*. Marisma.

*cantil*. Praia máis alta có nivel do mar que é costa pró lado de terra (dícese *costaneira pra abaixo*). // Acantilado.

*cascaxo*. Mistura de cunchas e area que hai nas praias.

*cebado*. Fondo con olgas.

*conchil*. Fondo de mar con cunchas.

*costaneira*. Praia moi pina.

*croio*. Pedra branca.

*cuberto*. Fondo de pena.

*debalante*. Marea que baixa.

*debalar*. Baixá-la marea.

*enché-lo mare*. Subí-la marea.

*enchente*. Marea que sobe.

*enrizado*. Mar ondulado.

*escandallo*. Pedra pra sondeá-la profundidade e ver se o fondo é limpo ou pedregoso.

*estela*. Ronsel da embarcación.

*fanjoso*. Fondo con lama.

*fondo embalado*. Fondo esgotado de peixe debido ás pescas continuas.

*labacán*. Refugallo de olgas e desperdicios que vai ás praias.

*lamoso*. Fondo fangoso.

*limpo*. v. *area* (1.<sup>a</sup> acep.).

*lodoso*. v. *lamoso*.

*lombo de area*. v. *banco*.

- mar bravo*. Mar forte.  
*mar chán*. Mar calma.  
*mar vivo*. Mar picado.  
*marca*. Punto da costa que serve de referencia ó mariñeiro desde o mar.  
*marea morta*. Marea que case non cambia de nivel.  
*marea viva*. Marea que sobe e baixa moito. Corresponde ós primeiros de Setembro e á Semá Santa.  
*mareira*. v. *marea viva*.  
*pandullo*. Pedra grande e redonda pra choupar.  
*pedra*. v. *coverto*. // Pedra.  
*picado*. Mar movido.  
*popada*. Golpe de mar pola popa.  
*rafiña*. Praia normal, é decir pouco costaneira.  
*rellas*. Correntes de auga.  
*ribeira*. Os da “montaña” chaman así á zona costeira.  
*romper do mar*. Romper das ondas. // Zona da praia de pouco calado onde rompen as ondas.  
*serví-lo mar*. Espresión que indica que o tempo non impide sair de pesca. O contrario é *non serví-lo mar* e dise por exemplo cando *zarra de auja*, é decir, cando chove moito.  
*soja*. Pedra pequena e redonda.  
*terreo bravío*. v. *conchil*.  
*terreo bravo*. v. *conchil*.  
*touzas*. Penas estradas pola praia.  
*xabre*. Porquería que bota o mar. // Area fina pra lucidos (Betanzos).

## 2) ENCADOS

- borba*. Tripas da parrocha, sardiña e outros peixes pequenos. Úsanse pra pescá-la rebaliza.  
*carnada*. Engado feito de anacos de sardiña. // Engado en xeral.  
*encarnada*. v. *carnada*.  
*encarnar*. Engadar con *carnada*. Normalmente nas nasas.  
*endeño*. Engado prás anguías feito de miñocas de terra atravesadas por un cabiño e atadas sobre si mesmas.  
*enjado*. Engado.  
*enjoado*. v. *enjado*.  
*enrabar*. Engadar con *raba*.  
*iscar*. Desescamá-la sardiña usada como engado pra que *chame máis polo peixe*.  
*jaldeo*. Engado feito con *raba* e salvado.  
*jeldre*. Engado composto de camaróns tan pequenos que teñen que pillarse cun saco. Tamén se usa como abono.  
*mazacote*. Engado feito con sardiñas desfeitas.  
*mazajote*. v. *mazacote*.  
*raba*. Engado feito cos *barajales* de pescada e semellantes salgadas e moídas.

*senrada*. Miñoa de mar que se usa como engado prós panchos, pintos, zarretas e semellantes.  
*serrada*. v. *senrada*.

## 3) C O R D A S

*asdejía*. Nó mariñeiro dobre.

*ballestrinque*. Nó mariñeiro.

*cabo*. Toda sorte de cordas, cabiños, cables, etc.

*culebra*. Corda pra halá-lo aparello.

*chicote*. Estremo das cordas.

*estacha*. Corda que amarra algo ó barco.

*estar á tesa*. Estar tirante.

*filástica*. Fío pequeno *amadriñado*, é decir con dous cabos parellos.

*jaza*. Crase de nó coa unión acosturada.

*jindola*. Espacio intermedio do *asdejía*. Este lugar úsase como asento prós mariñeiros que queren facer unha operación de aparello.

*nudo corredizo*. Nó corredizo.

*nudo de emberjo*. É un nó dobre de mariñeiro. Equivale ó que en castelán se chama *gaza*.

*portante*. Tirante.

*portar*. Estirar un cabo amarrado a un extremo firme hastra deixalo tirante.

*rabizas*. Cordas polas que se tira do aparello.

*tesante*. v. *portante*.

*trinca*. Maneira de reforzá-lo final do *chicote* que consiste en atar unha corda fina ó extremo da corda gorda pra que non se desfaga. Esta operación chámase *botar unha trinca*.

## 4) C E S T O S

*cesta*. Cesto grande de castiñeiro.

*cesto*. Cesto de bimbio cuadrado. Lévano ó mar os mariñeiros cos seus *arreos*.  
*jarrucho*. Cesto redondo de bordes moi pechados e unha asa. Úsase tamén pra levar á pesca.

*joxo*. Cestón grande e fondo.

*carabel*. v. *paxe*.

*palanjre*. Cesto chán onde se leva o palangre.

*paxe*. Cesto pequeno redondo con dúas asas.

*paxela*. Cesta de bimbios pra levá-lo peixe. É un *paxe* pequeno.

*patela*. Cesto pequeno e chán semellante ó *palanjre*. As veces é o mesmo. O *paxe* e a *patela* úsanse moito no salazón. En ocasións chámase *patela* a unha táboa cunha pequena beira que serve pra levá-lo peixe.

## 5) VERBAS E ESPRESIÓNS MARIÑEIRAS

*abalisar*. Poñé-los boureles á rede.

*ahí vos queda a boia*. Ahí vos queda eso, amoládevos.

*amarrar*. Atar. // Non saír de pesca.

*andar*. Realizar unha tarefa ou actividade: *andar á ameixa*, dedicarse a pescar ameixas; *andar na ameixa*, estar pescando ameixas; *andar á rapeta*, pescar con rapeta; *andar ó mare*, ser pescador; *andar no mare*, estar pescando. // Espr. *andar a mirar prós lados como o furón*, andar desconfiado.

*apañar*. Pescar.

*aparexar*. Poñer dúas embarcacións unha á beira da outra.

*arranchar*. Abastecé-la embarcación.

*arriba de*. Máis aló de: *Arriba de Cedeira*, pasada Cedeira.

*arribar*. Chegar.

*arte*. Utensilio de pesca.

*baliza*. Clase de boia.

*boiar*. Flotar.

*bojar*. Bogar, remar.

*bojar pixavante*. Dise cando o mariñeiro que vai mandando en popa rema ó contrario dos seus compañeiros.

*botar*. Poñer, colocar, meter: *botar un remendo*, poñer un remendo; *botá-la vela arriba*, izá-la vela. // Lanzar, tirar fora: *botá-la cuberta ó mare*, tirá-lo cargamento da cuberta. // Pasar: *botá-la noite toda*, pasar toda a noite.

*cabria*. Percha ou pau pra tendé-las redes ou poñé-lo peixe a curar.

*cantar ben*. Dise do motor que soa ben.

*coller milloría*. Millorar (aplicase ó tempo).

*compaña*. Compañía, mando: “Na miña compañía nunca me pasou nada, pró sí na compañía doutros” (baixo o meu mando nunca me pasou nada pró sí baixo o mando doutros).

*copar*. Facé-lo copo.

*da banda de*. Do lado de.

*dar a quilla arriba*. Emborcá-lo barco.

*dar fondo*. Fondeá-lo barco.

*darlle a asimán*. Virá-la lancha a estribor.

*darlle a couce*. Virá-la lancha a babor.

*derribar*. Virar en redondo por medio do timón.

*embocar*. Entrar xusto na boca ou entrada de algo.

*encallar*. Quedá-la embarcación chantada na area ó chegar á praia.

*encapillar*. Cabecear moito o barco.

*irillo contar ó mar da Marola*. Contarlló a Rita.

*irse a lancha*. Bambolearse a lancha.

*jraciarse*. Ser propicio. // Haber vento favorable prá vela.

*marea*. Marea. // Pesca que se consigue coa marea.

*matar*. Pescar.

*montar*. Sobreparar un sitio: “Montámo-lo cabo Priore” (sobrepasámo-lo cabo Prior).

*morea*. Montón de peixe ou caixas de peixe.

*na boca de*. Na entrada de, próximo a: “Na boca de Cedeira” (na entrada de Cedeira).

*non poder nin cas tapas*. Estar moi canso.

*non quitarse as zocas*. Non molestarse por nada nin por naide.

*orzar*. Dirixí-lo timón na mesma dirección que a vela.  
*perder de mandar*. Deixar de mandar.  
*pillar un pulpo barbarísimo*. Mollarse moito.  
*poñerse*. Poñerse. // Chegar: “En 3 días puxémonos na casa” (en 3 días chegamos a casa).  
*poñerse coma un pito*. Mollarse moito.  
*por terra de*. Á vista de terra de: “Por terra da Percibilleira” (á vista, á altura da terra da Percibilleira).  
*pra banda de*. Cara o lado de.  
*revoltear*. Ter mal vento prá vela.  
*rolo*. Libro do barco.  
*roncar moito a costa da boa barba*. Vivir sin preocupacións a costa dos máis.  
*rulete*. Pau sobre o que se arrastra o barco.  
*safarse dos baixos*. Franqueá-los escollos.  
*ser moi pescador*. Ser bon pescador e con moita práctica.  
*si lle amaña*. Se lle cadra.  
*si lle reza*. Se lle peta.  
*té-lo mar atravesado*. Té-lo mar de frente, non de costado.  
*té-lo mar de amura*. Té-lo mar de costado.  
*tirar a voar*. Poñer en marcha a embarcación.  
*tirarse de espichazo*. v. *tirarse ó resollo*.  
*tirarse ó bución*. Botarse á auga pra bucear.  
*tirarse ó resollo*. Botarse a bucear en picado.  
*tomar terra*. Atracar.  
*traballar na pesca*. Ser pescador.  
*trabar*. Morder. Dise do peixe ou outro animal marino.  
*voltear*. Ter bó vento.  
*xarrear*. Ará-la áncora no fondo do mar.  
*xente da colla*. Obreiro accidental dos peiraos.  
*xirinjar*. Bogar cun soio remo.

## 6) O T E M P O

*alostrejar*. Lostregar.  
*amanexo*. Aurora.  
*anejarse*. Mollarse moito.  
*arco da vella*. Arco da vella.  
*asexo*. Tempo que media entre o solpor e a noite pecha.  
*bichuchía*. Barrallo de néboa: “Bichuchía norte cría”.  
*brétema*. Néboa.  
*briza*. Brisa.  
*caer auja a chorro*. Chover moito.  
*callada*. Tormenta de neve.  
*calmiña*. v. *calmorio*.  
*calmorio*. Bon tempo despois de pará-lo vento.  
*camiño de Santiago Apóstol*. Vía Láctea.  
*caramelo*. Carambo.

- carro menor.* Osa menor.  
*carro maior.* Osa maior.  
*ceo emborrallado.* Ceo cargado.  
*circo.* Aro da lúa.  
*clarear.* Aclará-lo ceo.  
*cuarteá-la lúa ou luna.* Dise da lúa no cuarto menguante e crecente.  
*chover a barrer.* Chover moito.  
*chover a mazo.* v. *chover a barrer.*  
*debalá-la lúa ou luna.* Entrá-la lúa no menguante.  
*debaló.* Cuarto menguante.  
*entre lusque e fusque.* Entre día e noite.  
*fulerpa.* Folerpa, copo de neve.  
*febríña.* Folerpa pequena.  
*haber unha media vela de vento.* Soprar un vento froxo.  
*ir en popa.* Levá-lo vento de popa.  
*ir encima de tres risos.* Soplar un vento moi forte.  
*leste.* Vento leste.  
*lóstrejo.* Lóstrego.  
*luceiro da alba.* v. *luceiro de amanexo.*  
*luceiro de amanexo.* Derradeira estrela que se ve pola mañanciña.  
*luceiro de asexo.* Luceiro da tarde.  
*lucerna.* Arco da vella ó que sóio se lle ve unha beira.  
*marisana.* Brisa algo forte.  
*medrá-la lúa ou luna.* Entrá-la lúa no crecente.  
*neboeiro.* Nubes pechadas e escuras. // Néboa.  
*nibueiro.* v. *neboeiro.*  
*noite enfuscada.* Noite escura.  
*nordeste.* Vento nordeste.  
*norte.* Vento norte.  
*norueste.* Vento noroeste.  
*orballo.* Resío (en terra).  
*orballeira.* Chuvia fina de pouca duración.  
*orballar.* Chuviñar.  
*paburela.* Bruma do calor.  
*pedrazo.* Saraiba.  
*pillar cuartos.* v. *cuarteá-la lúa.*  
*pinja.* Pinga.  
*pinjar.* Pingar.  
*piña.* Constelación chamada Pléiade.  
*pola mañanciña.* Cedo pola mañá.  
*poñer do sol.* Posta do sol.  
*recío.* Resío.  
*refacho.* Golpe de vento.  
*refaja.* Cambio brusco do vento.  
*refaxo.* v. *refacho.*  
*remuíño.* Remuíño de vento.  
*rociar.* Caé-lo resío da noite.

*rolar*. Cambiar de dirección o vento.  
*rondar*. v. *rolar*.  
*sarabia*. v. *pedrazo*.  
*sudueste*. Vento suroeste.  
*sueste*. Vento sureste.  
*sur*. Vento sur.  
*sureta*. Vento lene e frío que ven do sur.  
*tardiña*. Atardecer.  
*tempo zarrado*. Ceo cargado.  
*toldado*. Nublado (adx.).  
*toldar*. Pecharse un ceo claro.  
*topear*. Caé-la néboa.  
*tres Mariás*. Constelación de Orión.  
*tronada*. Tempo tormentoso.  
*trono*. Trono.  
*ueste*. Vento oeste.  
*vendaval*. Vento forte do oeste.  
*vento da terra*. v. *sur*.  
*vento do mare*. v. *norte*.  
*xiada*. Xeada.  
*xiar*. Xear.  
*zarrar do día*. v. *asexo*.  
*zarrazón*. Ceo con *neboeiro*.  
*zoar*. Xiprá-lo vento.

## 7) FAUNA E FLORA MARINAS

### a) *P e i x e s*

*ajulla*. Belone belone.  
*albacora*. Sarda sarda?  
*alfóneja*. Trigla lucerna. // Trigla hirundo.  
*alpabarda*. Scomberesox saurus.  
*anchoa*. Engraulis encrassicholus. Chámase así cando está en conserva.  
*anjía*. v. *anjila*.  
*anjiacho*. Conjrio pequeno (Conger conger).  
*anjila*. Anguilla anguilla.  
*araña*. Callionymus lyra. // Callionymus maculatus.  
*araña de area*. Trachinus vipera.  
*araña de praia*. Trachinus draco.  
*arenque*. Clupea harengus.  
*areón*. Buglossidium luteum.  
*atún*. Thunnus thynnus.  
*babosa*. *rebaliza* pequena.  
*bacalao*. Gadus morhua. // Micromesistius poutassou.  
*badexo*. Gadus pollachius.  
*baralloca*. Gobius niger.

- barbada de palanjo*. *Onos tricirratu*s. // *Mullus barbatus*?  
*barbada lisa*. *Onos mustellu*s.  
*barbada palanje*. v. *barbada de palanjo*.  
*barbo*. *Mullus surmuletus*. // *Mullus barbatus*.  
*bertorella*. *Phycis blennioides*.  
*besujo*. *Pagellus acarne*.  
*bocarón*. v. *anchoa* (sin ser en conserva).  
*bocarte*. v. *anchoa* (sin ser en conserva).  
*boja*. *Boops boops*.  
*bonito*. *Germo alalunga*.  
*buche*. *Bandullo do peixe*.  
*cabala*. *Scomber scombrus*.  
*cabalo de mar*. *Hippocampus brevirrostris*.  
*cabra*. *Paracentropristis cabrilla*. // *Helicolenus dactylopterus*.  
*calamar*. *Loligo vulgaris*.  
*camarín*. *Prionace glauca*.  
*carioca*. *Pescada pequena*.  
*carrasquenta*. v. *areón*.  
*castañeta*. *Brama raii*.  
*castañeta encarnada*. *Beryx decadactylus*.  
*cazón*. *Galeorhinus galeus*.  
*cazón roxo*. *Squalus blainvillei*?  
*cerreta*. v. *faneca*.  
*conjrio*. *Conger conger*.  
*conjro*. v. *conjrio*.  
*cordeota*. *Rebaliza grande pro non tanto coma o rebalo*.  
*corvina*. *Sciaena aquila*. // *Johnius regius*.  
*crejo*. *Trigla gurnardus*.  
*criadeiro de raia*. *Ovo de raia*.  
*curcito*. *Gymnammodites semisquamatus*.  
*curuxo*. *Scophthalmus rhombus*.  
*chepa*. *Diplodus vulgaris*.  
*chupona*. v. *lamprea*.  
*dentón*. *Dentex dentex*.  
*dentudo*. v. *dentón*.  
*doncella*. *Coris julis*.  
*dourada*. *Sparus aurata*.  
*escacho*. v. *alfóneja*.  
*escarapote*. *Scorpaena scrofa*. // *Scorpaena porcus*.  
*escorpión*. *Cottus bualis*.  
*faneca*. *Gadus luscus*.  
*ferreira*. *Raia oxyrhinchus*. // *Spondyliosoma cantharus*.  
*ferreta*. *Badexo pequeno*.  
*fodón*. *Gadus minutus*.  
*helicótero*. *Dactylopterus volitans*.  
*jala*. *Galaxa dos peixes*.  
*jalleja*. v. *xurela*.

- joldro*. v. *limo*.  
*lamprea*. *Petromyzon marinus*.  
*lenjuado*. *Solea solea*.  
*limo*. Viscosidade de algúns peixes.  
*lirio*. *Micromessistius poutassou*.  
*lirpa*. *Lenjuado* pequeno.  
*lirpote*. *Lenjuado* moi pequeno.  
*lisa*. Crase de *munxe*. É grande e ten pincha na galaxa.  
*lombo*. Parte dorsal do peixe.  
*lombrís*. *Nerophis lumbriciformis*. // *Syngnathus rostellatus*.  
*lorcho*. *Gobius niger*.  
*lorcho bravo*. *Bleenniussanguinolentus*.  
*lubina*. v. *lubiza*.  
*lubiza*. *Morone labrax*.  
*maceirento*. *Trigla lineata*.  
*manjúa*. *Aphia minuta*.  
*marajota*. *Labrus berggylta*.  
*marajota de cuadros*. *Labrus merula*.  
*marajoto*. v. *marajota*.  
*marajuota*. v. *marajota*.  
*marrajo*. *Isurus nasus*.  
*marrano*. (Peixe sin identificar).  
*maruca*. *Molva molva*.  
*meija*. *Lepidorhombus wiff-iagonis*.  
*meljacho*. *Scylliorhinus canicula*.  
*mendo*. *Glyptocephalus cynoglossus*.  
*merlón*. *Eutrigla gurnardus*? // *Symphodus tinca*.  
*mero*. *Serranus guaza*.  
*mocarte*. v. *anchoa* (sin ser en conserva).  
*morena*. *Muraena helena*.  
*mormoso*. *Cethorinus maximus*.  
*munxe*. *Mugil sp. sp.*  
*munxe barrijudo*. *Mugil chelo*.  
*munxe curvo*. v. *lisa*.  
*munxe de pincha*. *Mugil auratus*.  
*munxe saltón*. *Mugil saliens*.  
*munxe sardiñeiro*. *Munxe* pequeno.  
*munxel*. v. *munxe*.  
*ollomol*. *Pagellus cantabricus*.  
*ortija*. *Torpedo marmorata*.  
*palo*. Peixe da familia do bacalao (sin identificar).  
*palometa*. v. *castañeta*.  
*pancho*. *Pagellus bogaraveo*.  
*parjo*. *Sparus pagrus*.  
*parrocha*. *Sardiña* pequena.  
*parvo*. *Parapristipoma mediterraneum*?  
*peixe*. Peixe. // En xeral todo animal marino.

- peixe anxel*. Squatina squatina.  
*peixe espada*. Xiphias gladius.  
*peixe jato*. Etmopterus spinax.  
*peixe martillo*. Sphyrna zygaena.  
*peixe roda*. Mola mola.  
*peixe sapo*. Lophius piscatorius.  
*peixe volador*. Cypsilurus heterurus.  
*pelexo*. v. *criadeiro de raia*.  
*perrilla*. Cría da *cabala*.  
*pescada*. Merluccius merluccius.  
*pescadilla*. *Pescada* mediana.  
*pinto*. Crenilabrus exoletus. // Labrus ossifagus.  
*pión*. Atherina presbyter.  
*pión de Baldaio*. Ammodytes lancea.  
*pirlo*. v. *Maceirento*.  
*pombo*. Myliobatis aquila.  
*raia*. Raia sp. sp.  
*raia bicuda*. Crase de *raia*.  
*raia eléctrica*. v. *ortija*.  
*raia santiajesa*. Raia clavata.  
*raión*. Raia oxyrhynchus.  
*rape*. v. *peixe sapo*.  
*rebaliza*. v. *lubiza* pequena.  
*rebalo*. v. *lubiza*.  
*reo*. Salmo salar blanco.  
*rincha*. Cría da *cabala*.  
*robaliza*. *Lubiza* pequena.  
*robalo*. v. *lubiza*.  
*rodaballo*. Rhombus maximus.  
*roxa*. Scylliorhinus stellaris.  
*sable*. Trichiurus lepturus.  
*saboja*. Sarpa salpa.  
*sadía*. Pleuronectiforme parecido ó *lenguado*.  
*salmón*. Salmo salar.  
*salmonete*. v. *Barbo*.  
*sanmartín*. Zeus faber.  
*sanmartiño*. v. *Sanmartín*.  
*sardiña*. Sardina pilchardus.  
*sarja*. Sarjo grande.  
*sarjeta*. Sarjo pequeno.  
*sarjo*. Diplodus sargus.  
*serrano*. Paracentropristis cabrilla.  
*serro*. Aleta dorsal dos peixes.  
*serrón*. v. *serro*.  
*simón*. Peixe semellante á *meija* (Arnoglossus laterna?).  
*solla*. Sollo grande.  
*sollo*. Limanda limanda.

*tapaconas*. Zeugopterus punctatus.  
*tinja*. Dasyatis pastinaca.  
*tordo*. Microstomus kitt? // Symphodus pirca.  
*torniqueta*. Cría da *cabala*.  
*trancha*. Clupea sprattus.  
*trancho*. v. *trancha*.  
*troita*. Salmo trutta.  
*vello*. Labrus turdus. // Crenilabrus mediterraneus.  
*ventracha*. Ventre do peixe.  
*verdel*. (Peixe sin identificar. Din que non ten parentesco coa *Cabala*).  
*xarda*. v. *cabala*.  
*xuliana*. Lophius budegassa.  
*xurela*. Xurelo grande.  
*xurelo*. Trachurus trachurus.  
*zamborca*. Alosa alosa.  
*zarreta*. v. *ferreta*.  
*zarretón*. *Ferreta* grande que inda non chega a ser *Badexo*.  
*zurdo*. Auxis thazard.

#### b) *Invertebrados marinos*

*ajuamar*. Rhizostoma pulmo.  
*ameixa*. Ameixa en xeral.  
*ameixa do banco*. Phacoides borealis.  
*ameixa femia*. Tapes decussata.  
*ameixa macho*. Crase de ameixa.  
*ameixa vella*. Cyprina islandica.  
*anduriña*. Chlamys opercularis.  
*araña do mare*. Macropodia rostrata.  
*arbol de mar*. Especie de coral.  
*aujamale*. v. *ajuamar*.  
*aujamare*. v. *ajuamar*.  
*aviñeira*. Pecten jacobaeus. // Pecten maximus.  
*berberecho*. Cardium edule.  
*boi de Francia*. Cancer pagurus.  
*boio de Francia*. v. *boi de Francia*.  
*bolsa*. Corpo do polbo.  
*borracha*. Aplysia punctata.  
*botón*. Ventosa do polbo.  
*broca*. Teredo navalis.  
*bujina*. Buccinum undatum. // Murex trunculus.  
*cadeia*. Ameixa de pouca calidade.  
*caíño*. Ensis ensis.  
*camarón*. Leander serratus.  
*camarón sarnoso*. Crangon vulgaris.  
*cangrexo*. Carcinus maenas. // Caranguexo en xeral.  
*caracol da Toxa*. Crase de caracol marino.

- caracol de mare*. *Assiminea grayana*.  
*carallote*. *Holotruria forskali*.  
*casca*. Cuncha da xiba.  
*centola*. Maja squinado.  
*centolo*. Macho da *Centola*.  
*cijala*. *Scyllarides latus*.  
*concha*. Cuncha.  
*coral*. Coral.  
*corniña*. *Cerithium vulgatum*.  
*corno*. Antena dos crustáceos.  
*cucaracha*. v. *corniña*.  
*cuco*. *Balanus balanus*. // *Patella vulgaris*.  
*chepa*. Animal da familia das luras.  
*chipirón*. Cría do *calamar*.  
*choco*. Xiba pequena.  
*choquiño fojoneiro*. *Sepiola rondeleti*.  
*choupa*. v. *chepa*.  
*choupón*. *Chepa grande*.  
*dique*. *Donax vittatus*.  
*estrella do mar*. *Asterias rubens*.  
*fel*. Tinta da lura.  
*jamba*. *Parapenaeus longirostris*.  
*jrilo*. *Hommarus vulgaris*.  
*jrillo*. v. *jrilo*.  
*lanjosta*. *Palinurus vulgaris*.  
*lanjostino*. *Nephrops norvegicus*.  
*lapa*. *Patella vulgaris*.  
*lapa francesa*. *Haliotis lamellosa*.  
*lombrijante*. v. *jrilo*.  
*lonjeirón*. *Ensis siliqua*.  
*lula*. *Alloteutis subulata*.  
*manjón*. *Pholas dactylus*.  
*marolo*. *Cardium aculeatum*.  
*marolo arrabiado*. *Cardium echinatum*.  
*mexillón*. *Mytilus edulis*.  
*mincha*. *Trochus zizyphinus*. // *Gibula umbilicata*. // *Littorina saxatilis*.  
*mincha nejra*. *Littorina littorea*.  
*mixillón*. v. *mexillón*.  
*nácora*. *Portunus puber*.  
*navalla*. *Cultellus pellucidus*.  
*nécora*. v. *nácora*.  
*orizo*. *Strongylocentrus drobachiensis*.  
*ostra*. *Ostrea edulis*.  
*paspás*. *Scyllarus arctus*.  
*pateiro femia*. v. *centola*.  
*pateiro macho*. v. *centolo*.  
*patexo*. *Polybius henslowi*.

*peixe puljento*. Gammarus locusta. // Talorchestia deshayesii.  
*percebe*. Pollicipes cornucopia.  
*piña*. Conxunto das ovas da xiba.  
*pota*. Ommastrephe sagittatus.  
*pulja de mare*. Talitrus saltator.  
*pulpo*. Octopus vulgaris.  
*pulpo branco*. Eledone aldrovandii.  
*pulpo cabezudo*. v. *pulpo branco*.  
*pulpo cejo*. v. *estrella do mare*.  
*quisquilla*. Camarón pequeno.  
*rabo de jalo*. Gorgonia.  
*raio*. Tentáculo dos cefalópodos.  
*saltaparapetos*. v. *paspás*.  
*santiajiño*. v. *paspás*.  
*senrada*. Nereis diversicolor.  
*vaca mona*. Carcinus maenas.  
*vieira*. v. *aviñeira*.  
*xiba*. Sepia officinalis.  
*zamburiña*. Chlamys varia.  
*zanca*. Pinza do caranguexo.  
*zapatela*. Lutraria elliptica.

#### c) Cetáceos

*ballena*. Eubalaena glacialis.  
*botiño*. Phocaena phocaena.  
*cachalote*. Physeter macrocephalus.  
*calderón*. Especie de delfín.  
*tauliña*. Tursiops truncatus.  
*tolíña*. v. *tauliña*.  
*touliña*. v. *tauliña*.  
*touliña de mansío*. Delphinus delphis?  
*touríña*. v. *tauliña*.  
*vaca do mar*. Monachus monachus?

#### d) Aves da beiramar

*aro*. Uria troile.  
*ave de rapiña*. Ave de rapiña moi abundante nas costas que se alimenta de peixes. Pandion haliaëtus?  
*cuerva*. Corvo mariño. Phalacrocorax carbo.  
*ferrete*. Charrán, paxaro marino semellante a unha gaivota pequena. Sterna hirundo.  
*jaiyota*. Gaiyota. Rissa tridactyla. // Larus fuscus.  
*jalo monteiro*. Ave de cabeza e corpo semellante ó galo, de onde lle ven o nome. Phalacrocorax aristotelis?  
*martín pescador*. Alcedo atthis.

*mascato*. Sula bassana.

*merlija*. Paxaro marino semellante á gaivota. Larus marinus?

*merlinja*. v. *merlinja*.

*paíño*. Ocenodroma leucorhoa.

*papamerda*. Stercorarius skua.

*pardela*. Procellaria diomedea. // Puffinus puffinus.

*pato*. Melanitta nigra.

*perrí*. Cría da ave marina, tanto de gaivota como de mascato.

*pirrí*. v. *perrí*.

#### e) *Flora marina*

*alja*. Olga.

*berza do mar*. Ulva lactuca.

*cebado*. Olga como unha herba que se da nos fondos lodosos. Posidonia?

*corriola*. Zostera marina.

*jolfo*. Laminaria digitata. // Laminaria sacharina.

*marmulo*. Fucus vesiculosus. // Fucus spiralis. // Fucus serratus. Era unha olga moi usada polos labregos pra esterca-la terra.

*xebra*. Rupia marítima? Olga semellante a unha herba con talo groso que se viña buscar en carros pra esterco.

## VII. ESCOLMA DE TESTOS DIALETALES<sup>2</sup>

### VIDA DO MARIÑEIRO

O mariñeiro march'ás cinco da tarde, e bota tod'á noite no mar. Si pesca vén d'asexo, sobre da noite, ás nove ou dez, e si non colle vén sin nada prá casa. Ó mellor, sobre todo nos meses d'otobre, noviembr'e diciembre, van así... da media noite ó día, e veñen ás oito ou ás nove da mañán. Tamén van ó amanexo, sobre do día, e vólven ás doce da noite. E ó día, collen o día pra larjar e si non pescan veñen prá casa, pero si larjan botan tod'á noite. A vida do mariñeiro élle do peor qu'hai, e ademáis pouco paja (¡e aínda hai aljún que non quer'oficio e quer'ir ó mar!), e hoxe menos mal. Antes íbase co cachiño de pan pró bou e a tirar pola corda. Iban a remos, nas buquetas (ahora van a motor), cun cachiño de pan naquel jarruchiño pra botar tod'á noite. Chovera que jranizara salías'ó mar. Tamén iban outras veces ás catr'ou cinco da mañán pr'álá a baixo, ó Cebado, a coller unhas xibas, e pra Sada pola tard'a vendelas pola calle pra janá-la peseta pra comprá-lo pan, e volvía pola noit'á casíña.

(María Fernández)

<sup>2</sup> a) Indicámo-lo timbre de *e*, *o* cando son abertas. De non ir marcado o timbre, é que son cerradas.

b) Na asimilación completa sustituímo-la vocal asimilada por un apóstrofo.

c) Se na asimilación as dúas vocales se contraen pra dar un novo timbre unimos entrámbalas dúas cun guión e abaixo indicamos cun signo o novo timbre da vocal.

## CASAMENTO CURIOSO

Daquela eu falaba co fillo do meu hñme. Escribíam'ó fillo d'Habana, per'un día (eu nunca quiría vir á casa do meu hñme, por aquilo de qu'era moza do fillo) oblijéim'a vir aquí, á casa do meu hñme, e dixérame: "non quero que pases eses traballos, vñste pra aquí e xa'stá". O meu hñme quedó viudo, e o fillo'staba casado con Lola de Bouza, i entoncos dixo: "prá nñsa casa vén ben esta que sab'atar no aparello (daquela non sabía facer máis que liñó) i é jobernaduriña, ca conozo desde que nacéu (que nacín cand'q fillo)".

(Felisa Martínez)

## M O R T E

Hoxe, hai tempo, morréu o meu neniño, ó amanecer, ás dúas da mañán. Estuvo tres hñoras na agonía, o meu Juanciño: "mamá, ai mamá", "¿qué meu neniño, qué?", "non sei que me pasa pola cabeciña que se me vai a vista e non vexo nada", "xa volverá, meu neniño, xa volverá". Pero non volvéu. E hoxe quiría'star tod'q día na casa..., pero tamén quero ir á misa, e non houbo maneira que ma dixéran. O cura non poido, que é moi cumprido. Xa llo pedín, unha pra meu hñme e outra pra meu neniño, pero xa tiñ'á palabra dada.

(Felisa Martínez)

## VIDA DA PESCADORA DA LONXA

Eu sonlle pescadora. Empecéi de catorce anos a ir á rampla. Compraba na rampla e salía daquí ás oito da mañán e nunha hñora puñiam'en Betanzos. Lojo, despóis, volvía outra vez ás once da mañán e ripitíam-lo viaxe. Sempre ib'á pé, anque despóis puxéron un camiión e íbamos no camiión e viñamos ás tres da tarde. Tod'á miña vida anduven na rampla, e sejúm compraba tamén vindía. Siascaso vindíamos un lote de pateiros a cincuenta reás (ahora pñde valer sesenta pesos, o malo é que non-os hai). Vindíamos tamén lotes de chocos, lenjuados, calamares, sardiñas, rebalos, lirpas, lirpñtes, rodaballo, mocarte e moitos máis.

(Maruca Carcamán)

## VIDA DA PEIXEIRA AMBULANTE

Eu andaba ca sardiña. Ib'á Santa Crus, a Mñra, camiñando ca cesta na cabeza berrándolles ás mulleres polas aldeas ofrecéndolles sardiñas. Un día cheguéi a unha pñrta, a Endexo, e dijoll'eu áquela muller: "¿quere sardiña?", "non, vaite qu'hoxe non damos limñsna", "¿jarre carái con usté! non lle pido limñsna que lle pido si quere sardiña", "no-nas quero, hoxe non damos limñsna", "¿ind'á com'q demo con todo!". (Había cada unha bárbara). Tíñamos andado así, polos montes, pola Besta (qu'é pra Mñra), pra Veigue... Íbamos pró puerto e dormíamos nas cestas e andábamos descalciñas por ahí, chovendo, cas pateliñas na cabeza ofrecéndolles ás mulleres a sardiña.

(María Fernández)

## VIDA DUNHA REDERA

As *rederas* empezaban moi novas a traballar na rede e o primeiro que aprendían era a facé-lo liño, é decir, botá-lo ourelo. Dedicábanse sobre todo a arreglar averías. Íbanas buscar a casa e levábanas ás plaias onde estaban os aparellos. Cobraban un peso diario e a comida, polo ano 1908, desplazándose desde Sada hastra Pontesdeume, hastra a Marquesa (plaia de Betanzos) ou Miño, principalmente. Vexamos un día do seu traballo.

Un día leváronnos a traballar ó aparello á Marquesa, cerca de Betanzos. Íbamos a traballar pr<sup>o</sup> Parrulo, e puxéronnos a caldeirada (picarasa chámanl'eles) de bacalao, sin pan, e puxéronnos en ves de pan unha pataca ajuantand'a sardiña (non era bacalao, eran sardiñas ¡saladas com'a pila!). O viño x'q beberan, e había un rajacho, que non había fonte, e a beber e auja (¡e lojo!). E despóis díronm'unha corrida bárbara, a min: "¡Porqu'esta condenada sempre dí que non está ben!" "eu na miña casa nunca comín sin pan", dixeron ás demais; pero, non m'iba ir a palabras cos homes, porqu'estaba nun sitio forasteiro e sóio tiña que me tirara ó mar, si me tiraba ó mar... porque, o barco nadando, na Marquesa auja ó redor, nun charco ¿pra donde hei ir eu? Pois ajuardar. O caso é que coma patacas, si non como pan x'q comeréi á noite. Pero, á noite vín co Parrulo ó Sada á casa da muller. Pucheiro ó lume, fervendo auja pra darnos café, nunc'q café apareceu. Un a chorar, outro a jritar (os fillos) e outro a botar na cama... En fin que pasamos sin cena e máis mortas de frío, e cartos sin cobrar. ¡E, ó día sijinte, a Virxen do Carmen polo mar e o Parrulo acompañándo! Con todo non lle deseeo mal, que Dios lle dé a jloria, que descans'en pas como descansan os meus si Dios quier.

(Felisa Martínez)

## UN ACIDENTE NO ATIRO

Cando máis medo toméi foi cando tumbáramos no río d'Alvaro'n Sabún. Botéi lo menos dous anos despóis que me pasou o caso e ib'álí e as pernas a temblar e non podía contenerme.

Tumbáramos nunha punta qu'hai naquela pedra e unha racha de vento fixo tumbá-lo bote por fora da punta, e todos salimos méno-lo compañeiro que non se quixo tirar ó bució, e falou con nosoutros sempre, porqu'el vivía i estaba debaixo do bote, e si se tira e xurde pra riba non morría. Pero asustóus'q 'ncontrarse sólo (sinón que se liase na rede... porque, non sabemos... podía liarse debaixo na rede taménhe... porque, ¿quén sabe?...). O bote tumbara e a rede 'stab'a bordo e podía dar voltas por debaixo e liá-lo a el. O caso é que morréu cand'o mar desfix'o bote contr'ás pedras. E, ó outro día, con medo e todo, xa se foi ó mare porqu'o mare non se podía deixar, éramos rapaces novos e daquela vivíamos sólo deso.

(Manuel Perseo)

## OFICIOS DE PESCA

Os primeiros pescadores<sup>3</sup> qu'houbou en Sada nos tempos vellos foron os cedazos, despóis dos cedazos viñeron as traíñas, despóis das traíñas viñeron as rapetas, despóis as tarrafas, despóis os racús e despóis os xeitos, persejidos na ría da Cruña polos cedazos, qu'ëran os amos da ría. Os cedazos ëran artes de pesca cas que se facía un "q" onde collían o peixe cerrándoo. Cun troeiro sacábase do "q" (dos cedazos). Destes cedazos eu recordo Ferro e máis Marisán, na ría da Cruña. Eu ëra moi pequeno entonces.

(Xán Guillén)

Cando non habíá tarrafa cambiábamnos a outros oficios. Cambiábamnos ó palanjre (qu'ë cordear), á rapeta da brava, ó xeito, ó bõliche... tíñamos varios oficios. De liña, de cordel nada (en Sada nunca se traballóu a eso) máis cá tarrafa, palanjre, rapeta da brava, xeito e bõliche, que vën sendo xábrega.

(Ramiro Carcamán)

## FAENAS DA PESCA

Pois, aquel día de verdá que non che fumos moi contentos, porque o mare érach'un pouco vivo e habíache quënhe non lle justaba moito. Però por certo, fumos ind'á forza, ind'á forza e montámo-lo cabo Priore. E por alí íbamos un pouquiño cansados, porqu'había unha briza do norte e non jraciaba qu'había que bojare, pero fumos indo e foise quedando calma, e fumos boja boja hasta Portonovo. Chejamos a Portonovo, fondeamos un pouco, però claro, alí non había bon sitio pra larjar. Erach'á brava, que daquela había qu'andar á brava, e os rebalos, pra collelos había que tirars'õ mare. De maneira que fumos indo, e fumos hast'á boca de Cedeira, e alí, antes de chejar a Cedeira, na plaia pequena larjamos e non matamos nada, e a xente toda enfadada. Dimos võlta dalí, e viñemos vindo pouco a pouco e metémonos na plaia jrande, na Frouxeira, e por certo ¡vaia!, alí tuvemos unha mui jrande. Larjamos por terra da Percibilleira e matamos un lance de rebalo que carjámo-la lancha, i érase unha lancha jrande, chámabas' Inocencia, era aquí de Sada, do Periquete. E carjámo-la però carjadiña. Hai qu'alejría, despóis a xente toda bailaba ¡x'õ creo! Però despóis inda ch'houbou que vir a remos hast'á Cruña, e non ch'era unha broma, que non ch'había moço máis que bojare. Nin botámo-la vela arriba. De ves en cando parábamnos a botar un pitillo e con todo, cansado tod'õ mundo botab'unha risada, però claro'stá, a risada iba, però, com'unha coppiña non-a había, que xa s'acabara un nada que levaba. Però cando chejamos á Cruña, entre frito e unhos vasiños (¡ainda che me parece que foi qntel!)... però ¡vaia! vendímolo moi ben, daba muito justo vendelo despóis. De todas maneiras non ch'ë un enredo vilo vender á Cruña a remos si non houber'un vento favorable, e poucas veces o había, porque, ijual s'iba a Baldaio, cerca de Malpica.

(Manuel Perseo)

<sup>3</sup> Os utensilios de pesca dan ás veces o nome ós pescadores que os utilizan.

## O P A T E X O

O patexo non era un carjamento pilijroso, porque, siascaso, podía vir carjado e cás'irse a pique, íbas'un pouco a lancha, pero com'o patexo boiaba, lojo, desalojábbase, e tirába-la cubert'ó mare, e quedabas valeiro e así non había coidado ninjún. A cousa do patexo era mui esclava, moito. Sanjrábanlles as más (a min non que teño a mán moi dura) ós cinco qu'andaban na buceta. Había qu'ir collelo a Cedeira, cando s'iba en lanchas jrandes, nas pequenas collíase polas rías. Pero, había viaxes que cando íbamos a Cedeira xa non estaba mal. Eu acórd'un viaxe d'ilo antevíspera dos Remedios, e, por certo, éramos traballadores naquel tempo (xa hai anos desto). E claro fumos hasta aló sin botá-la vela arriba e bojando sempre. Catr'homiños e o rapás jobernábanos. E, claro, chejamos mui cansados pra vir carjadiños e daquela non janabas no viaxe máis de tres ou catro pesos, que non janabas máis, no vinte, dazasete, vintéun, vintecatro, non janabas máis. ¡Era unha pobreza barbarisma! Pois desto, cand'este conto (estab'eu solteiro aínda, Serafín de Fufú andaba de rapás e Jrabiél de Prada er'ó que mandab'á lancha, qu'era a lancha do Parrulo. Xa morreron todos, unicamente Serafín)... Fumos alá, carjamos de patexo, botámo-los dous días, inda non, pero así e todo vendímo-lo patexo, descarjámolo e fumos ós Remedios ¡e lojo!, á romería, arriba de Betanzos, e despóis por San Esidro.

(Manuel Perseo)

## DÍA DE SORTE

Hox'estóu mui contento, porque taménhe, o día dos Santos Inocentes, tocóuchenos unha bravada na casa mui bunita, pero non foi inocentada ¡eh! Eu toméino 'n primeiro cando mo contaban, que me parecía qu'era por sere día dos Santos Inocentes, pero despóis cando viñeron e me trouxeron un rebalo de muęstra dixen eu: "¡ai, daquela é verdade, así si que me just'á minhe!", e quedeiche ben contento, que por certo, máis alejría nunc'á recibinhe. Fixeron moitos cartos, sete medidas que son unhos cen mil pesos, e tocan a unhas quince mil pesetas a cada ún. Foi a calada, e decir a mareíña máis jrande que fixemos en tod'á costeira. E unha maręa mui bunita porque foi ó rebalo, foi unha suerte. E máis non foi á brava. Ahóra non hai que poñerse os calzoncillos de baeta e ún desnudo á auja, saltando pola aręa nin por nada, ahóra desd'abordo fais'a maręa do rebalo, e debidamente.

Aquí hai unha cuadrilla deles que queren lev-la maręa. Estanche mui contentos porque, claro'stá, unha presiña destas a tod'ó mundo lle justa. Pero 'stán mui contentos porque veu sin pensar, pero, veu mui benhe, veu mui benhe. Ó achaque rímonos un pouco. Bótase unha copiña, en fin, un caféiño... porque frío faino, pero, ahóra xa non se quitan as zocas, qu'ahóra x'ós mariñeiros no-nas queren tampouco que todos jastan zapatós e bętas e por ahí. E dá máis justíño por eso.

(Manuel Perseo)

## INFORMADORES

- Elvira Novo, 58 anos. Pescadora (vendedora de peixe na praza).  
 Emilio Eljurjo, 45 anos. Carpinteiro de ribeira.  
 Antonio López (O Nelo), 56 anos. Redeiro e pescador.  
 Xosé Carballido, 60 anos. Pescador. —  
 Maruca Carcamán, 67 anos. Pescadora da lonxa.  
 Ramiro Carcamán, 71 anos. Pescador (patrón).  
 Manuel Perseo (Moliño), 70 anos. Pescador (patrón) e redeiro.  
 Felisa Martínez, 82 anos. Redeira ambulante.  
 María Fernández, 68 anos. Vendedora ambulante.  
 Xán Guillén, 86 anos. Pescador.  
 Xosé Mariño, 60 anos. Empregado nunha fábrica de salazón e conserva.

## BIBLIOGRAFIA

- CARRÉ ALVARELLOS, L., *Diccionario galego-castelán*, A Cruña, 1951.  
 CASARES, J., *Diccionario ideológico de la lengua española*, Barcelona, 1959.  
 CRESPO POZO, J., *Contribución a un vocabulario castellano-gallego*, Madrid, 1963.  
 DURANGO, S., *Les oiseaux*, París. s. f.  
 GARCÍA COTORRUELO, E., *Estudio sobre el habla de Cartagena y su comarca*, Madrid, 1959.  
 GUIBÉ, J. et HVASS, H., *Les poissons*, París. s. f.  
 LOPES ALVES, J., *A linguagem dos pescadores de Ericeia*, Lisboa, 1965.  
 LORENZO FERNÁNDEZ, X., "Etnografía: cultura material" en *Historia de Galicia* (director R. Otero Pedrayo). T. II, Buenos Aires, 1962.  
 MANDAHN-BARTH, G., et BAUCHOT, M. L., *Animaux et plantes du bord de mer*, París. s. f.  
 MARTÍNEZ HIDALGO y TERÁN, J. M., *Enciclopedia general del mar*, Madrid-Barcelona, 1957-1958.  
 OTERO PEDRAYO, R., *Guía de Galicia*, Vigo, 1954.  
 QUIROGA, D., *La pesca de arrastre en Galicia y sus problemas*, Vigo, 1961.  
 RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, E., *Diccionario enciclopédico gallego-castellano*, Vigo, 1958.  
 SCHROEDER, W., *Die Fischerboote von Finisterre*, VKR, X, 1937, pp. 157-211.